



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade Xeografía e Historia

Curso Académico: 2023/2024

<i>Versión; Unidade</i>	<i>Data aprobación</i>
<i>V.1. - Comisión de Calidade do Centro</i>	<i>28/05/2025</i>
<i>V. 2 - Comisión de Calidade e Planificación, delegada de Consello de Goberno</i>	<i>25/09/2025</i>
<i>V. 3 - Xunta de Facultade</i>	<i>16/10/2025</i>

Índice

1. Introducción	3
1.1. Presentación da Memoria de Calidade	3
1.2. Breve información xeral do Centro	3
1.3. Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)	5
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	7
<i>Directriz 1. Política e obxectivos de calidade</i>	<i>7</i>
1. Política de Calidade	7
1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC)	8
2. Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro	9
3. Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese	10
<i>Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos</i>	<i>10</i>
1. Análise das accións desenvolvidas nos programas formativos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia no curso 2023/24	11
1.1. Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	11
1.2. Grao en Historia	14
1.3. Grao en Historia da Arte	16
1.4. Mestrado Universitario en Historia Contemporánea	19
1.5. Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte	22
1.6. Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	24
1.7. Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII	27
1.8. Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades	28
1.9. Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital	30
<i>Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado</i>	<i>33</i>
1. Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	33
1.1. Admisión do alumnado	33
1.2. Aplicación de normativas predefinidas	33
1.3. Orientación académica (común para todos os títulos de Grao do Centro)	33
2. Grao en Historia	36
2.1. Admisión do alumnado	36
2.2. Aplicación de normativas predefinidas	36
3. Grao en Historia da Arte	38

3.1.	Admisión do alumnado.....	38
3.2.	Aplicación de normativas predefinidas	38
4.	Mestrado Universitario en Historia Contemporánea	40
4.1.	Admisión do alumnado.....	40
5.	Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado do Arte.....	44
5.1.	Admisión do alumnado.....	44
6.	Grao en Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	47
6.1.	Admisión do alumnado.....	47
7.	Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.....	50
7.1.	Admisión do alumnado.....	50
8.	Mestrado Universitario en Desafío das Cidades	52
8.1	Admisión do alumnado.....	52
9.	Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural e Dixital	54
9.1.	Admisión do alumnado.....	54
	<i>Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....</i>	<i>57</i>
1.	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	58
2.	Grao en Historia	59
3.	Grao en Historia da Arte.....	59
4.	Mestrado Universitario en Historia Contemporánea	60
5.	Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.....	61
6.	Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	62
7.	Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España, Séculos XVI-XVIII.....	63
8.	Mestrado Universitario en Desafío das Cidades	63
9.	Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital	64
	<i>Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos</i>	<i>65</i>
	<i>Directriz 6. Información pública</i>	<i>72</i>
3.	Plan de Melloras do centro	74
4.	Modificacións nos diferentes títulos.....	96
5.	Listaxe de evidencias e indicadores	97

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade

A Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia recolle, na liña do que indica o proceso PE-02 Revisión e mellora do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), unha análise do funcionamento do SGC do Centro. Inclúe tamén unha revisión das titulacións impartidas e programas formativos oficiais que coordina o Centro. Atinxe, polo tanto, ás titulacións de Grao e Mestrado universitario, así como a todo o Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS) e estudantes que forman parte da dinámica do Centro. A Memoria de Calidade presenta tamén o Plan de Melloras Anual, coa correspondente actualización dos obxectivos de calidade e as accións de mellora que se propoñen para acadalos. Contén finalmente a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo.

Para a elaboración desta Memoria empregouse como base a información contida nos informes de cada Grao e Mestrado dispoñibles para o curso 2023/24. Procurouse non reproducir literalmente o contido destes documentos, senón resumilo e sintetizalo co obxectivo de ofrecer unha información relevante e non redundante. En liñas xerais, non se citan expresamente os documentos dos indicadores ou URLs, por canto estes xa están recollidos nas memorias específicas de cada Grao e Mestrado.

O curso 2023/24 é o último no que se imparte as primeiras edicións dos graos de Historia e Historia da Arte, e a segunda do grao de Xeografía e Ordenación do Territorio. A partir do curso 2024/25 está previsto a implantación do primeiro curso das novas edicións dos graos.

1.2. Breve información xeral do Centro

A Facultade de Xeografía e Historia (en adiante, FXH)¹ da Universidade de Santiago de Compostela creouse no ano 1975, aínda que ten a súa orixe na Facultade de Filosofía e Letras, na que se estableceu unha Sección de Historia no ano 1922. Atópase situada nun edificio histórico que foi antiga sede da Universidade, no corazón da Cidade Monumental compostelá. Segundo planos de Miguel Ferro Caaveiro, o edificio foi construído no último terzo do século XVIII, mais sufriu transformacións a finais do século XIX.

1.2.1. Estrutura e infraestrutura

A FXH está estruturada nos departamentos de Xeografía, Historia e Historia da Arte, os tres con sede no centro e que conteñen catorce áreas de coñecemento nas que traballa o PDI deste. O departamento de Xeografía acolle tres áreas de coñecemento: Xeografía Física, Xeografía Humana, Xeografía Rexional. O departamento de Historia acolle nove áreas de coñecemento: Arqueoloxía, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Antiga, Historia Contemporánea, Historia de América, Historia Medieval, Historia Moderna e Prehistoria. O departamento de Historia da Arte acolle dúas áreas de coñecemento: Historia da

¹ Localizada na Praza da Universidade 1, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), con coordenadas xeográficas: 42° 52' 42.6" N – 8° 32' 32.1" W.

arte e Música.

Con docencia no centro pero sen sede hai 15 departamentos, 13 da USC (“Dereito Público e Teoría do Estado”, “Edafoloxía e Química Agrícola”, “Filoloxía Galega”, “Electrónica e Computación”, “Ciencias da Comunicación”, “Botánica”, “Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana”, “Filosofía e Antropoloxía”, “Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral”, “Pedagogía e Didáctica”, “Producción vexetal e Proxectos de Enxeñaría”, “Economía Aplicada”, “Enxeñaría Forestal”), máis un Departamento externo vinculado as titulacións e outro Departamento externo de Estudios Propios. En termos de alumnado, acolle a máis de 1.200 estudantes dos tres graos, entre 150 e 170 estudantes de mestrado, e unha cifra que oscila entre os 230 e 250 estudantes de doutoramento.

Entre os recursos de docencia e investigación máis salientables da FXH, convén sinalar a Biblioteca. Ten unha infraestrutura de 355 postos de lectura (sala de lectura: 300; sala de investigadores (Bib. Lago): 8; sala de acceso directo e traballo en grupo (Claustro): 40; depósito (acceso restrinxido): 7) e atópase nutrida por 113.000 monografías, 4.768 monografías audiovisuais e material non librario, 3.187 títulos de revista, e 27.264 (aproximado) de total de número de exemplares de revistas. A Biblioteca está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios da FXH como ao resto da comunidade universitaria.

O edificio da FXH reúne, malia tratarse dun edificio histórico e con aspectos mellorables para facer fronte ás labores docentes, reúne as condicións adecuadas para o desenvolvemento dos títulos que nela se imparten. É precisamente esta categoría de inmovible histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase analizando o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta tamén con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos e as diferenzas de accesibilidade. Porén, no presente estase a desenvolver unha obra que mellore o acceso ao edificio para persoas con mobilidade reducida, así como unha ampliación do tamaño do ascensor para facer máis doada a entrada de cadeiras de rodas.

Dispón de 18 aulas e 8 seminarios dotados de sistemas de videoconferencia multi-punto, ordenador e canóns de proxección múltiple, proxección dixital e conexión a internet Ethernet e Wi-Fi. Así mesmo, cóntase cun laboratorio, un aula de cartografía, dúas aulas de informática, un laboratorio técnico de prehistoria, e un aula do Mestrado en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementáanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual, sala de xuntas e o Paraninfo. A capacidade das aulas suma un aforo de 1.126 postos, cun aula máxima de 180 postos e mínima de 20 postos.

1.2.2. Titulacións

A FXH acolle, con diferentes edicións, tres titulacións de Grao e sete de Mestrado:

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (GXOT).
- Grao en Historia (GH).
- Grao en Historia da Arte (GHA).
- Mestrado Universitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (MARq).

- Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades (MDCid).
- Mestrado Universitario en Historia Contemporánea (MHCo).
- Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII (MHMo).
- Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital (MPCD).
- Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte (MPatr).
- Mestrado Universitario en Planificación e Xestión Territorial (MPXT).

Na Táboa 01 recóllense os datos de estudantes matriculados por titulación de Grao e Mestrado:

Táboa 01. Datos de estudante matriculados por titulación de Grao e Mestrado (G.U = Grao Universitario; M.U. Mestrado Universitario) para o ano académico 2023/24.

CURSO 2023-2024	RUCT	Código	Núm. estudantes
G.U. Xeografía e Ordenación do Territorio	2501097	GXOT	83
G.U. Historia	2501097	GH	487
G.U. Historia da Arte	2500974	GHA	377
M.U. Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	4315056	MArq	24
M.U. Desafíos das Cidades	4317739	MDCid	5 FXH
M.U. Historia Contemporánea	4311727	MHCo	20
M.U. Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII	4314595	MHMo	25 (4 FXH)
M.U. Patrimonio Cultural Dixital	4318541	MPCD	20 (13 FXH)
M.U. Planificación e Xestión Territorial	4317431	MPXT	13
M.U. Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte	314274	MPatr	57 (41 FXH)

A FXH oferta tamén tres programas de doutoramento dependentes da EDIUS (Escola de Doutoramento Internacional da USC): Programa de Doutoramento en Historia, Historia da Arte e Xeografía, Programa de Doutoramento en Estudos Medievais, e Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea.

1.3. Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Docencia e Calidade do Centro (CDCC), as Comisións de Título (CT), responsable de calidade da FXH, coordinacións dos títulos e a comisión de prácticas académicas en empresas (PAE). As funcións de cada un dos órganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FXH.

A composición da CDCC é a seguinte:

- Decano/a da Facultade de Xeografía e Historia.

- Vicedecano/a de Asuntos Académicos.
- Vicedecano/a de Asuntos Económicos.
- Secretario/a do centro.
- Responsable de calidade do centro.
- Directores/as dos departamentos adscritos ao centro.
- Coordinadores/as dos títulos impartidos no centro.
- Xestor/a Académica do Centro.
- Alumnos/as dos títulos impartidos no centro (3)

Son funcións da CDCC:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.
- Proposta do Plan de Mellora do Centro para o curso seguinte.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC.
- Informes de seguimento dos títulos.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. POLÍTICA DE CALIDADE

A Política de Calidade do Centro mantense en vigor e está actualizada tras a aprobación do Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade da FXH e un Manual de Procesos e Procedementos no curso 2019-2020. Ambos manuais están dispoñibles a través da páxina web da FXH: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc>

Tamén está en vigor a Política de Calidade do Centro, aprobada en Xunta de Facultade con data de 19 de decembro de 2019: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/politica-calidade>

No curso 2022-2023 completouse a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da FXH: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2023-08/Regulamento%20de%20R%C3%A9xime%20Interno_FXHIS_26-01-23.pdf

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC exercen plenamente as súas funcións. Por unha banda, o Equipo Decanal mantén contacto diario de coordinación, a Comisión CDCC réunese con unha periodicidade aproximada bi-mensual durante o curso académico; as Comisións de Título mantiveron, cando menos, unha xuntanza por semestre. O responsable de calidade da FXH está en comunicación continua coas coordinacións dos títulos e coa Comisión de prácticas académicas en empresas (PAE), cunha importante implicación na renovación de convenios de prácticas da FXH, así como no

seu seguimento. As xuntanzas da Comisión Académica e de Validacións producíronse con normalidade ao longo de todo o curso académico.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC)

A FXH non contou cun plan estratéxico específico durante o curso 2023/24, por canto a USC non tiña un plan estratéxico para ese período. O denominado Plan Estratéxico Ponte, aprobado pola Xunta de Facultade do Centro en xaneiro de 2021, e corroborado polo Consello de Goberno da USC, tiña unha vixencia de dous anos (2021 e 2022). O Plan Estratéxico Ponte coincide coa finalización do Plan Estratéxico 2011-2020 da USC e ten o mesmo horizonte final da Programación Plurianual da USC (2022). O actual Plan Estratéxico da FXH, PEC 2024/26 aprobouse en 2025, polo tanto, non entrou en parte do curso 2023/24.

Ante esta situación, tratouse de ter como elemento guía as liñas estratéxicas e accións da anterior Memoria de Calidade do Centro (curso 2022-2023):

Liña Estratéxica 1

- A1. Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos Traballos de curso, TFG e TFM. Consistirá na programación de cursos semestrais dirixidos ao alumnado e profesorado
- A2. Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado de último curso de grao
- A3. Promover a realización de programas piloto coa metodoloxía aprendizaxe-servizo no marco das titulacións das que son responsables, en coordinación coa Vicerreitoría responsable de acción da USC1.3 Transformar o modelo de xestión da calidade
- A4. En coordinación coas Vicerreitorías responsables, intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado a través das redes sociais.
- A5. Continuación do proceso de acreditación institucional de centros co obxecto de reducir a carga de traballo dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos.
- A6. Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua.

Liña Estratéxica 2

- A7. Impulsar iniciativas de mentorización entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro, en coordinación coa Vicerreitoría responsable da acción na USC.
- A8. Impulsar iniciativas de actualización en competencias dixitais entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro.

Liña Estratéxica 3

- A9. Fomento do uso e do prestixio da lingua galega na sociedade. Impulso dos premios e actividades que leven consigo o emprego do galego.
- A10. Elaboración dun plan de comunicación que sirva de guía para a xestión da comunicación interna e externa Liña Estratéxica 4
- A11. Definir un mapa estratéxico de titulacións do centro, co establecemento de criterios e prioridades, para facilitar á Vicerreitoría con responsabilidades na materia a toma de decisións institucionais ao respecto.
- A12. Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador contratados dentro da iniciativa do selo europeo HRS4R (*mentoring*, apoio á labor investigadora e carreira científica etc.).

Liña Estratéxica 5

- A13. Incremento da oferta académica en lingua inglesa.
- A14. Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de titulacións compartidas
- A15. Potenciación da presenza internacional en redes sociais.

Liña Estratéxica 6

- A16. Analizar e propoñer accións respecto as necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.

Os obxectivos do Plan Estratéxico do Plan Estratéxico Ponte guiaron as accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro.

2. EVOLUCIÓN E GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO

Aínda que no curso académico 2023/24 non se dispuxo dun Plan Estratéxico formal aprobado, mantívose unha liña de actuación coherente co marco estratéxico previo, garantindo a continuidade de accións estruturais xa consolidadas no SGC da FXH. Neste sentido, a CDCC proseguíu co seguimento e avaliación das accións de mellora, incluíndo a elaboración do Plan de Acción Titorial, o Informe Anual de Queixas e a actualización da información institucional na páxina web da FXH. Do mesmo xeito, deuse continuidade ao plan de lecturas comúns e á planificación integrada das prácticas de campo nos Graos, accións consideradas estratéxicas na mellora da formación dos estudantes. No ámbito da visibilidade académica, consolidáronse as iniciativas de promoción dos estudos de posgrao e a produción de contidos divulgativos a través das redes sociais institucionais. Cómpre destacar, ademais, a continuidade do seguimento do plan de asignación de recursos anuais, que permitiu melloras significativas na dotación tecnolóxica e de infraestruturas. Estas accións, combinadas coa dinamización cultural a través da newsletter Agora Cultural e actividades específicas, contribúen a reforzar unha cultura de calidade estable e unha planificación operativa eficaz, mesmo en ausencia dun plan estratéxico formalizado.

3. ADECUACIÓN E EFICACIA DOS MECANISMOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN DE SATISFACCIÓN, QUEIXAS, RECLAMACIÓN, SUXESTIÓN, NECESIDADES E EXPECTATIVAS DOS GRUPOS DE INTERESE

Durante o curso académico 2023/24 mantivéronse operativos e eficaces os mecanismos institucionais e internos para a recollida, xestión e análise da información relativa á satisfacción, expectativas, necesidades, suxestións, queixas e reclamacións dos distintos grupos de interese da FXH. A análise destes datos realizouse conforme aos procedementos establecidos no Manual de Procesos e Procedementos do SGC da USC (particularmente PI-08 e PS-05), sendo a CDCC e as Comisións CT os principais órganos responsables da súa avaliación e seguimento. A elaboración do Informe Anual de Queixas consolidouse como práctica de mellora, permitindo sistematizar a resposta institucional ante incidencias rexistradas a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) e da Secretaría do Decanato. Para o curso 2023-2024 non hai referencias tramitadas directamente polo Centro ou referidas a este tras pasar pola OAR. Porén, esta resolveu diversos recursos e queixas/suxestións relacionadas coa FXH para o curso académico 2023/2024: 1 recurso de alzada (estimado parcialmente), 5 recursos potestativos de reposición (un estimado, dous estimados parcialmente, e dous desestimados), 2 queixas (ambas estimadas), e 1 suxestión (desestimada).

Noutra liña, cómpre salientar o papel central das coordinacións de título na canalización da información desde os estudantes e o PDI, así como a integración da súa análise na toma de decisións da Xunta de Facultade. Estes mecanismos, xa consolidados, seguen demostrando a súa capacidade para identificar necesidades emerxentes e propoñer solucións concretas no marco dunha cultura institucional de mellora continua.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A FXH continúa a aplicar os procedementos establecidos no SGC da USC para o deseño, revisión, mellora e, de ser o caso, extinción dos seus programas formativos, conforme ao proceso PI-01 do Manual de Procesos Institucionais. Durante o curso 2023/24, mantívose o seguimento sistemático das titulacións mediante os procesos PE-02 Revisión e Mellora e PC-01 a PC-05, consolidándose as Comisións de Título como órganos centrais na avaliación da adecuación dos programas formativos ás memorias verificadas, ao perfil de ingreso e egreso do alumnado e aos resultados de aprendizaxe. As accións de mellora resultantes destes procesos foron canalizadas cara á CDCC, sendo posteriormente aprobadas pola Xunta de Facultade. Cómpre destacar que no curso 2023/24 comezou a impartirse o novo Máster en Patrimonio Cultural Dixital, tras a súa verificación en maio de 2023, e proseguíu a implantación do Máster en Desafíos das Cidades. A análise anual das guías docentes, dos procedementos de coordinación horizontal e vertical e da información recollida sobre a satisfacción dos grupos de interese confirma o funcionamento adecuado dos mecanismos de revisión periódica e a orientación dos programas formativos cara á mellora continua e á rendición de contas con transparencia.

1. ANÁLISE DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NOS PROGRAMAS FORMATIVOS IMPARTIDOS NA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA NO CURSO 2023/24

1.1. Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

1.1.1. Proceso de implantación e revisión do título

O título foi implantado progresivamente desde o curso 2019/20, conforme ao plan recollido na memoria verificada da súa segunda edición. No curso 2023/24 continuouse a impartición regular dos catro cursos, manténdose os axustes curriculares introducidos previamente: ampliación dos contidos de formación básica, especialización en módulos instrumentais e incorporación das mencións en Xeografía Física e Territorio e en Sociedade e Territorio. Estes cambios continúan a reforzar o carácter interdisciplinario do grao e a súa proxección profesional. Así mesmo, no curso 2023/24 seguiu avanzando na tramitación da nova memoria elaborada pola Comisión de Reforma do Título no curso anterior, cuxa implantación está prevista para 2024/25.

1.1.2. Cumprimento das garantías docentes

A planificación docente realizouse conforme ao proceso PC-02, sendo revisadas as guías por coordinacións e comisión de título, e aprobadas polos departamentos e Xunta de Facultade. A satisfacción do alumnado coa docencia situouse en 4,19 puntos, segundo a enquisa institucional da ACMP (2503949_INF.13_2023_2024). A valoración global da titulación acadou un 3,58 e a satisfacción xeral un 4,50, o que indica unha mellora perceptible respecto ao curso anterior. Estas valoracións amosan un grao elevado de cumprimento das programacións, aínda que persisten retos vinculados á resposta por parte dos estudantes nas enquisas.

1.1.3. Procedementos de coordinación

A coordinación horizontal e vertical consolidouse como un dos puntos fortes do Grao. As aulas virtuais de coordinación estiveron activas e as reunións de seguimento contaron coa participación do profesorado e responsables do título. A coordinación das prácticas de campo, programadas en múltiples materias, permitiu

unha integración efectiva dos contidos teóricos e prácticos. Estas prácticas alcanzaron un alto nivel de participación e valoración por parte dos estudantes. A Comisión de Garantía de Calidade do título supervisou e validou as programacións docentes, mantendo a coherencia interna do plan de estudos.

1.1.4. Resultados do título

Os indicadores de rendemento mantéñense nunha liña positiva, en continuidade coa recuperación post-pandemia. A taxa de éxito situouse no 86,28%, a taxa de rendemento no 75,88% e a taxa de avaliación tamén no 86,28% (datos 2022/23). Estas cifras confirman a tendencia ascendente observada desde a caída de 2020/21 (59,81% de rendemento). Non obstante, persiste unha preocupación pola taxa de abandono en primeiro curso, que se situou no 44,68% no curso 2022/23, aumentando respecto ao 32,35% do curso anterior. Este dato está ligado á matrícula de estudantes que escollen Xeografía como opción provisional mentres esperan acceder a outras titulacións con nota de corte máis elevada.

1.1.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

No curso 2023/24 mantívose a oferta de 50 prazas, das cales se cubriron 23, o que supón unha taxa de ocupación do 46% (semellante ao curso anterior). Porén, a calidade do perfil de ingreso mellorou: a nota media de acceso foi de 8,259 no caso de alumnado procedente de bacharelato e 8,115 desde formación profesional. A maioría do alumnado (19 de 23) escolleron o grao como primeira opción, o que revela unha motivación elevada. Esta evolución positiva tamén se reflicte na estabilidade do número total de estudantes no grao (83 en 2023/24). Mantivéronse accións orientadas á captación, como a participación no programa A Ponte, o convenio co Colexio de Xeógrafos e eventos como GeoNight e Mapatón.

1.1.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

No curso 2023/24 recolléronse datos actualizados de satisfacción a través das enquisas institucionais, destacando unha valoración global de 4,5 por parte do alumnado. As saídas de campo foron particularmente ben valoradas. A implicación dos grupos de interese no seguimento do grao mantívose a través das comisións correspondentes. Non se rexistraron queixas formais relevantes no curso 2023/24 asociadas ao desenvolvemento do grao.

1.1.7. Valoración final

O Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, na súa 2ª edición, presenta un perfil claramente orientado á profesionalización e á integración de competencias teóricas e prácticas no ámbito do territorio, o medio e a sociedade. Desde a súa implantación no curso 2019/20, esta edición renovada substituíu á anterior seguindo un plan de implantación progresiva e incorporando importantes melloras estruturais, como a creación de mencións optativas (Sociedade e Territorio / Xeografía Física e Territorio) e a reformulación dos módulos instrumentais.

O curso 2023/24 desenvolveuse xa coa titulación plenamente implantada e consolidada, á vez que se

completou unha nova memoria de modificación en proceso de verificación, co obxectivo de adaptar o grao ao novo marco normativo e académico do RD 822/2021. Esta nova proposta prevé a súa entrada en vigor en 2024/25, o que marca unha nova fase para o grao e supón unha resposta aos retos detectados nos últimos informes de seguimento.

En canto aos resultados académicos, os datos reflicten unha clara melloría nos indicadores de rendemento:

- A taxa de rendemento aumentou significativamente ata o 75,88% en 2022/23, fronte ao 59,81% do curso anterior.
- A taxa de éxito situouse nun valor elevado (86,29%).
- A taxa de avaliación acadou tamén o 86,28%, reflectindo unha participación activa do alumnado.

Porén, a taxa de abandono no primeiro curso mantén valores preocupantes (44,68% en 2022/23, 32,35% en 2021/22), malia tratarse dun patrón moi asociado ao fenómeno das matrículas provisionais e non a un rexeitamento académico da titulación. Este aspecto require políticas específicas de orientación e seguimento precoz do alumnado.

A demanda da titulación, en cambio, amosa sinais de crecemento:

- Número total de matriculados pasou de 40 en 2019/20 a 102 en 2022/23.
- A taxa de ocupación, con todo, segue baixa (46%), o que evidencia que, malia a mellora, segue a haber un desaxuste entre prazas ofertadas (50) e estudantes que finalmente consolidan a matrícula.
- A nota media de acceso segue unha liña crecente: de 7,29 (2020/21) a 7,84 (2022/23), o que sinala unha lixeira, pero constante, mellora do perfil académico do alumnado admitido.

A participación nas PAE tamén se reforzou, cunha maior integración nas programacións docentes, e mesmo foi obxecto de presentación á convocatoria de Boas Prácticas da Área de Calidade da USC.

No referente á satisfacción, a percepción do alumnado mellorou substancialmente:

- A valoración da docencia acadou un 4,27 en 2023/24, tras anos anteriores de recuperación progresiva desde o impacto da pandemia.
- A satisfacción do profesorado situouse en 3,99 no curso 2022/23, cunha lixeira baixada respecto ao 4,11 do curso anterior, pero mantendo un nivel aceptable.

No ámbito da coordinación e calidade, o grao beneficiouse do funcionamento activo da Comisión de Reforma e da Coordinación de Título, que durante os dous últimos cursos desenvolveron un traballo continuado tanto no seguimento académico como na elaboración da nova proposta de grao. O funcionamento coordinado coa Comisión de Calidade do Centro tamén contribúe á mellora global da titulación.

En resumo, o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio atópase nun momento de madurez institucional, cun proxecto de renovación en curso e indicadores que apuntan á consolidación da súa posición no centro. Os principais retos inmediatos céntranse en: (i) A redución das taxas de abandono, especialmente no primeiro curso, (ii) a mellora da taxa de ocupación e da visibilidade do grao, e (iii) a implantación efectiva do novo plan de estudos cun enfoque aplicado e contextualizado.

O grao representa unha oferta estratéxica e diferenciada dentro do sistema universitario galego, con grande

potencial de desenvolvemento nun contexto de crecente preocupación pola ordenación territorial, os riscos ambientais e a planificación sustentable.

1.2. Grao en Historia

1.2.1. Información xeral

O Grao en Historia iniciouse no curso 2009-2010 e superou dous procesos de renovación da acreditación (2014/15 e 2020/21). Durante o curso 2022/23 traballouse na Comisión de Reforma do Título, que redactou unha nova memoria sometida a verificación no curso 2023/24, coa previsión de implantación para 2024/25. Mentres tanto, o título mantivo a súa estrutura e desenvolvemento conforme á memoria verificada. Componse de 240 ECTS en catro anos e impártese en modalidade presencial.

1.2.2. Cumprimento das garantías docentes

A valoración da docencia por parte do alumnado mellorou lixeiramente respecto ao curso 2022/23 (de 4,26 a 4,27), mantendo a tendencia positiva iniciada trala pandemia. Destaca especialmente o incremento da taxa de resposta nas enquisas, que pasou do 18,16% ao 49,19%, unha mellora significativa que revirte a caída preocupante do curso anterior. Esta mellora pode atribuírse a campañas específicas de sensibilización e fomento da participación impulsadas desde a coordinación do grao e o decanato, accións que xa figuraban como obxectivo no Plan de Mellora do curso pasado.

1.2.3. Procedementos de coordinación

Mantívose sen cambios o modelo de coordinación horizontal (materias e cursos) e vertical (grao e comisión de calidade). O funcionamento das prácticas externas tamén seguiu consolidado, con continuidade na coordinación a cargo do mesmo docente, e coa recuperación dos niveis pre-pandemia tanto en participación como en percepción positiva. Esta estabilidade confirma o bo funcionamento do sistema de coordinación e a súa capacidade para xestionar a continuidade e a mellora do título en contextos de reforma.

1.2.4. Resultados do título

Os resultados amosan unha tendencia xeral positiva:

- Taxa de rendemento: 86,27% (84,17% en 2022/23).
- Taxa de éxito: 92,82% (91,46% en 2022/23).
- Taxa de avaliación: 92,95% (92,03% en 2022/23).
- Taxa de idoneidade: 66,98% (50,51% en 2022/23), mellora significativa.
- Taxa de graduación: 64,65%, tamén en recuperación tras a caída post-pandemia.

O dato preocupante foi o reponte da taxa de abandono global ao 20,2%, tras dous anos consecutivos de

descenso. A taxa de abandono en primeiro curso, con todo, mellorou até o 5,77%.

O TFG mantén cifras estables, isto é, dos 138 matriculados, presentáronse 112 (81%). Todos aprobados.

En resumo, todos estes datos reflicten unha recuperación sólida e continuada dos niveis pre-pandemia, en contraste co estancamento detectado en 2021/22 e 2022/23. Como contrapartida, a taxa de abandono global foise ata o 20,2% (fronte ao descenso dos dous cursos anteriores), pero mellorou a de primeiro curso (5,77% fronte ao 7,04%).

1.2.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

O título mantén unha elevada demanda:

- Prazas ofertadas: 110, con ocupación completa.
- Novo ingreso por pre-inscripción: 113 estudantes.
- Nota media de acceso: 10,88 (lixeiro descenso respecto a 11,17 en 2022/23).
- 100% do alumnado con nota igual ou superior a 6.
- Número total de estudantes: 487, cunha tendencia estable de incremento.

A participación en PAE foi do 52,21%, manténdose respecto ao curso anterior (52,38%). A participación en programas de mobilidade tamén mellorou lixeiramente, situándose no 3,29%.

1.2.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A satisfacción xeral dos egresados (3,34) mantense na mesma liña dos cursos previos (3,32 en 2021/22 e 3,6 en 2022/23), o que suxire estabilidade na percepción da calidade do título. A valoración das prácticas externas e da docencia segue sendo elevada, consolidando a boa imaxe do título entre os estudantes. A principal liña de mellora segue sendo o reforzo da visibilidade e uso dos mecanismos de suxestións e queixas, así como o aumento da participación en programas de mobilidade, que aínda presenta cifras discretas.

1.2.7. Valoración final

O Grao en Historia da FXH da USC é unha titulación consolidada e con ampla tradición, que mantén un perfil académico e profesional recoñecido tanto a nivel autonómico como estatal. Implantado no curso 2009/10, o grao superou dúas renovacións de acreditación (2014/15 e 2020/21) e iniciou en 2022/23 un proceso de reforma curricular cuxa nova memoria foi presentada en 2023/24 e será implantada no curso 2024/25. Esta renovación estrutural busca actualizar os contidos e metodoloxías á realidade actual dos estudos históricos, sen romper coa identidade e fortalezas previas do título.

Desde o punto de vista dos resultados académicos, o grao mostra unha evolución positiva e estable:

- A taxa de rendemento aumentou do 84,17% (2022/23) ao 86,27% (2023/24).
- A taxa de éxito situouse no 92,82%, mellorando respecto ao 91,46% do curso anterior.
- A taxa de avaliación tamén mantén un nivel alto (92,95%).

A taxa de idoneidade, que medira a porcentaxe de estudantes que completan o grao en catro anos, experimentou unha mellora significativa, pasando do 50,51% ao 66,98% no último curso, un indicador que apunta a un seguimento académico máis eficaz. Pola contra, a taxa de abandono global aumentou até o 20,2%, o que supón un punto de alerta, especialmente nun contexto de recuperación doutros indicadores. A taxa de abandono en primeiro curso, con todo, mellorou e situouse no 5,77%.

O perfil de ingreso mantense sólido: o grao cobre anualmente as 110 prazas ofertadas e mantén un número total de estudantes en lixeiro aumento (487 en 2023/24). A nota media de acceso, con valores entre 10,88 e 11,17 nos últimos cursos, confirma unha demanda forte e unha boa calidade académica do alumnado. A presenza de estudantes estranxeiros (0,42%) e doutras comunidades (1,46%) aínda é baixa, pero constitúe un potencial de expansión futura.

As Prácticas Académicas Externas (PAE) amosaron unha recuperación firme tras o impacto da pandemia: no curso 2023/24, o 52,21% dos egresados realizou prácticas, manténdose respecto ao curso anterior (52,38%) e por riba das cifras de 2021/22 (29,73%).

En termos de satisfacción e percepción da titulación, o curso 2023/24 foi especialmente positivo:

- A valoración da docencia polo alumnado alcanzou o 4,27, lixeiramente superior á do curso anterior.
- A taxa de resposta á enquisa mellorou de forma significativa (do 18,16% ao 49,19%).
- A satisfacción xeral dos egresados situouse en 3,34, un dato que confirma estabilidade respecto a cursos anteriores (3,6 en 2022/23).

A estrutura de coordinación e funcionamento interno do grao demostrou ser eficaz, tanto no plano horizontal (coordinacións de curso) como no vertical (Comisión de Calidade, coordinación de grao). A revisión das prácticas, as accións de difusión e captación e a mellora da comunicación cos estudantes son liñas que se reforzaron progresivamente.

En conclusión, o Grao en Historia continúa a ofrecer unha formación de calidade, cun modelo docente participativo, unha planificación coidada e uns resultados académicos sólidos. A entrada en vigor do novo plan de estudos no curso 2024/25 será unha oportunidade para consolidar as melloras xa acadadas e para dar resposta aos retos aínda pendentes, como (i) a redución da taxa de abandono global, (ii) a mellora das taxas de graduación e eficiencia, e (iii) a consolidación da internacionalización e das prácticas externas.

Trátase, sen dúbida, dun grao central no mapa dos estudos humanísticos da USC, cunha posición sólida e unha proxección que se reforzará coa nova fase que está por comezar.

1.3. Grao en Historia da Arte

1.3.1. Información xeral

O Grao en Historia da Arte está implantado desde o curso 2009-2010 e renovou a súa acreditación con éxito nos cursos 2014-2015 e 2020-2021. No curso 2022-2023 completouse o proceso de elaboración dunha nova

memoria de modificación do título, que foi aprobada e comezou a implantarse gradualmente no curso 2024-2025. Este feito dá resposta á necesidade, identificada en cursos anteriores, de actualizar a titulación en función do contexto académico, científico e profesional, e representa unha das principais accións de mellora do período.

No curso 2023-2024, a estrutura docente mantívose conforme ao previsto na memoria de verificación, coa oferta regular de módulos e materias. Ao longo da implantación histórica da titulación, realizáronse pequenas modificacións non substanciais, derivadas da experiencia acumulada, como cambios de cuadrimestre ou axustes que faciliten a docencia e a aprendizaxe.

1.3.2. Cumprimento das garantías docentes

A valoración do alumnado coa docencia mantívose en 4,27, o mesmo valor que no curso anterior (2022/23), despois dunha lixeira caída fronte ao 4,41 do curso 2021/22. Esta estabilización pode interpretarse como un indicio de consolidación tras os axustes introducidos en cursos anteriores e o esforzo continuado por parte do profesorado. A participación en grupos interactivos mellorou levemente (29,31 estudantes por grupo fronte a 28,58 no curso anterior), o que reflicte un compromiso do profesorado coa docencia activa e colaborativa.

1.3.3. Procedementos de coordinación

O Grao segue a aplicar un sistema de coordinación eficiente e regular, con encontros entre os responsables de curso e coordinación xeral. A satisfacción do profesorado co título mantense en valores moi altos, cunha puntuación de 4,26 no curso anterior e sen indicios de retroceso. A coordinación das Prácticas Académicas Externas foi especialmente activa e contribuíu á recuperación dos niveis previos á pandemia na participación estudantil.

1.3.4. Resultados do título

En termos cuantitativos, os indicadores clave confirman a tendencia de recuperación iniciada tras a pandemia:

- A taxa de rendemento mantense estable en 79,1% (igual que en 2022/23).
- A taxa de éxito mantense tamén en 90,71%, confirmando a mellora de tres puntos observada o curso anterior.
- A taxa de avaliación continúa no 87,2%.
- A taxa de graduación segue baixa (47,13%), en liña cos cursos anteriores (47,42% en 2019/20), o que indica unha constante que cómpre abordar con medidas de seguimento académico.
- A taxa de abandono en primeiro curso, con todo, mellorou do 17,86% ao 15,29%, e a taxa de idoneidade mellorou notablemente (de 31,03% a 42,96%), o que sinala unha mellora real nos tempos de finalización.
- A taxa de eficiencia, tras alcanzar un pico do 91,95% no curso anterior, retrocedeu lixeiramente ao 88,54%.

1.3.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

A estabilidade da titulación é patente:

- Número de prazas ofertadas: 93 (sen cambios).
- Estudantes de novo ingreso: 95 en 2023/24, lixeiramente por riba dos 91 do curso 22/23.
- Total de matriculados: 377, fronte aos 375 do curso anterior.

A nota media de acceso reduciuse a 9,66, fronte ao 9,93 en 2022/23 e ao 10,43 do 2021/22, o que suxire unha tendencia á baixa que debe ser vixiada. Con todo, a ocupación segue sendo alta (101,18%). O número de estudantes estranxeiros e de fóra de Galicia mantense estable, cun 2,65% e 3,71% respectivamente, cifras lixeiramente superiores ás do curso pasado. A realización de PAE aumentou significativamente, alcanzando o 83,33% dos egresados, fronte ao 65,15% do curso anterior, un dato que apunta claramente á recuperación total das prácticas como parte fundamental da formación.

1.3.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A satisfacción xeral dos egresados experimentou unha mellora salientable: de 2,53 no curso 2022/23 a 3,78 en 2023/24. Este aumento rompe a tendencia descendente dos últimos anos (3,32 en 2021/22) e indica unha percepción máis favorable do título, posiblemente asociada á mellora dos servizos docentes, ao reforzo das prácticas e á visibilidade da reforma curricular en curso.

1.3.7. Valoración final

O Grao en Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia da USC presenta unha traxectoria ampla, consolidada e con tendencia xeral á estabilidade, tanto no plano académico como na percepción social do título. Desde a súa implantación no curso 2009/10, a titulación mantivo unha estrutura coherente coa memoria verificada, cun corpo docente especializado e cunha demanda regular por parte do alumnado. A recente presentación e aprobación dunha nova memoria, cuxa implantación comezou no curso 2024/25, marca un fíto importante cara á adaptación do grao aos novos contextos académicos e profesionais.

No ámbito dos resultados académicos, os datos dos últimos anos amosan un rendemento e éxito académico elevados e consistentes:

- A taxa de éxito mantense arredor do 90% (90,71% en 2022/23).
- A taxa de rendemento, aínda con lixeiras oscilacións, mantense por riba do 75% (79,1% en 2022/23).
- A taxa de avaliación (87,2%) sitúase tamén dentro dos valores esperados.

Apesar destes bos indicadores, a taxa de graduación segue sendo un aspecto mellorable: 47,13% en 2022/23, en liña cos anos anteriores (48-52%). Así mesmo, a duración media dos estudos mantense en valores lixeiramente superiores aos teóricos (4,74 anos), e a taxa de abandono, especialmente no primeiro curso, aínda

que en descenso (15,29%), require atención como aspecto estratéxico a medio prazo.

No que atinxe ao perfil de ingreso e á demanda do título, o grao continúa a ser a única opción no sistema universitario galego para esta área de coñecemento, o que lle confire un papel singular. A oferta de 93 prazas cóbrease de xeito habitual (95 novos ingresos en 2023/24), e o número total de matriculados mantense arredor dos 370-380 estudantes. A nota media de acceso mantívose estable nos últimos anos (9,66 en 2023/24) e a taxa de ocupación (101,18%) reflicte unha demanda sostida.

Cómpre destacar tamén a certa recuperación da mobilidade e internacionalización do alumnado: a porcentaxe de estudantes estranxeiros e de fóra de Galicia, que viña descendendo desde a pandemia, incrementouse lixeiramente no curso 2023/24 ata o 2,65% e 3,71% respectivamente. A participación nas Prácticas Académicas Externas (PAE) acadou un dato récord no último curso (83,33% de egresados con prácticas realizadas), o que evidencia unha consolidación clara deste eixe formativo.

En termos de satisfacción, a valoración da docencia por parte do alumnado subiu ata o 4,74 en 2023/24, tras o 4,04 do curso anterior e o 4,42 do 2021/22. A satisfacción xeral dos egresados, segundo o último dato dispoñible, mellorou substancialmente até un 3,78, superando claramente o 2,53 do curso previo e revertendo unha tendencia negativa que viña sendo sinalada nos procesos de calidade.

En conclusión, o Grao en Historia da Arte amosa solidez e continuidade, cun cadro docente implicado, unha estrutura curricular actualizada e unha percepción crecente por parte do estudantado e egresados. A implantación do novo plan de estudos no curso 2024/25 ofrece unha oportunidade para reforzar a eficiencia do título, mellorar as taxas de graduación e adaptar mellor a titulación aos novos retos profesionais. Os retos inmediatos céntranse en: (i) reducir a duración media dos estudos; (ii) corrixir a variabilidade na taxa de abandono, e (iii) consolidar a participación nas enquisas e procesos de avaliación interna.

O grao sitúase, así, como un título estratéxico dentro da oferta humanística da USC, cunha clara proxección no ámbito do patrimonio, os museos e a cultura visual.

1.4. Mestrado Universitario en Historia Contemporánea

1.4.1. Información xeral

O Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea, título de longa traxectoria implantado dende o curso 2006/07, mantén a súa relevancia e adecuación académica, científica e profesional como titulación interuniversitaria coordinada de maneira rotatoria entre oito universidades públicas españolas. No curso 2023/24 a coordinación corresponde á Universidade de Granada. Trátase dun programa cun plan de estudos consolidado, que foi obxecto de actualización conforme ao Real Decreto 822/2021 e que obtivo a renovación da acreditación con data 13/03/2023.

O máster mantén a súa estrutura modular e metodoloxías adaptadas a unha modalidade de docencia presencial, con presenza tamén dunha materia común en liña (Historia contemporánea: controversias, miradas e perspectivas historiográficas) e dunha actividade presencial interuniversitaria na sede de Jaca (Ciclo de Conferencias). A participación da USC susténtase nun equipo docente consolidado, cun alto nivel de cualificación académica e investigadora.

1.4.2. Cumprimento das garantías docentes

As guías docentes elaboradas polo profesorado e supervisadas pola Comisión Académica da USC seguen reflectindo con fidelidade as competencias previstas no título. Os indicadores de satisfacción do alumnado coa docencia impartida, segundo os últimos datos dispoñibles, manteñen unha valoración positiva de 4,29 sobre 5 no curso 2022/23, en liña co rexistrado en cursos anteriores. Non se dispón de datos actualizados para o curso 2023/24, pero os informes parciais de materia sinalan taxas de éxito do 100% na totalidade das materias.

1.4.3. Procedementos de coordinación

A coordinación académica do máster na sede da USC organízase mediante unha Comisión Académica propia que se reúne trimestralmente. A nivel interuniversitario, funciona unha Comisión con representantes de todas as universidades participantes. Esta estrutura permite unha axeitada coordinación vertical e horizontal, así como a detección e corrección de posibles incidencias.

A USC mantén actualizada unha Aula Virtual de Coordinación e realiza sesións presenciais de acollida co alumnado, ademais da difusión anual dunha Guía do Máster para estudantes e docentes. A planificación docente segue a memoria verificada e as materias ofértanse en coherencia co plan formativo.

1.4.4. Resultados do título

Os principais indicadores do curso 2022/23 (últimos indicadores numéricos completos dispoñibles no informe interno do máster) seguen amosando un rendemento notable:

- Taxa de rendemento: 86,54%
- Taxa de éxito: 99,22%
- Taxa de avaliación: 86,98% (máximo histórico)
- Taxa de graduación: 90%
- Duración media dos estudos: 1,58 anos

Todos estes valores confirman a continuidade dunha traxectoria positiva, en liña co perfil de egreso previsto. A única excepción é a ausencia de datos recentes da taxa de eficiencia.

1.4.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

No curso 2023/24 mantéñense as 21 prazas ofertadas na sede da USC. Dos 20 novos matriculados, 4 proceden de países estranxeiros (China, México, Brasil e Colombia), o que representa un 20% e consolida a tendencia á internacionalización. A nota media de acceso nos últimos anos sitúase nunha liña estable e ascendente, cun 7,82 no curso 2022/23.

En termos de diversidade académica, ademais do alumnado procedente do Grao en Historia, mantense a presenza de estudantes doutras disciplinas afíns, reforzando a transversalidade e o interese social e

profesional do máster.

1.4.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

Non se dispoñen datos da satisfacción dos egresados para o curso 2023/24, sendo o último rexistro correspondente ao curso 2021/22 cun valor de 3,56 (IN42G). A satisfacción do profesorado no 2022/23 situouse nun 4,26, e a do alumnado cun 4,29, o que apunta a unha percepción xeralmente positiva da calidade do ensino. Non se detectaron reclamacións nin incidencias relevantes que condicionasen o desenvolvemento do curso.

1.4.7. Valoración final

O Mestrado en Historia Contemporánea presenta un perfil plenamente consolidado e cunha tradición académica robusta, desenvolvida ao longo de máis de dezaseis cursos e cun modelo de cooperación interuniversitaria entre nove institucións públicas do Estado. A USC mantén unha participación activa e recoñecida nesta estrutura, cunha xestión docente eficaz e un cadro docente altamente cualificado, especializado e cunha ampla proxección investigadora.

Durante os últimos cinco cursos, os resultados académicos foron consistentemente elevados, con taxas de éxito próximas ao 100%, o que sitúa esta titulación nunha posición destacada dentro da súa área de coñecemento. A taxa de rendemento no curso 2022/23 foi do 86,54%, confirmando a tendencia habitual do título a situarse por riba do 80% e mellorando notablemente respecto ao curso anterior. A taxa de avaliación tamén acadou o seu máximo histórico (86,98%) e a taxa de graduación mantívose no 90%, valores que amosan un desenvolvemento formativo ben estruturado e eficiente.

A duración media dos estudos, que se reduciu a 1,21 anos no curso 2021/22, situouse en 1,58 no último curso con datos pechados, dentro dos estándares previstos para un máster oficial. A taxa de abandono, sempre baixa, rexistrou un 10% no curso 2022/23, o que, sen ser preocupante, deberá seguir a ser monitorizado.

En canto á calidade percibida, a satisfacción do alumnado coa docencia foi de 4,26 en 2022/23 e 4,29 en 2023/24 (materias xa avaliadas), mantendo unha valoración moi positiva. O profesorado tamén amosou un grao alto de satisfacción (4,26), e os datos dispoñibles para os egresados sinalaban unha valoración de 3,56 (2021/22), dentro dunha liña de estabilidade. Estes resultados reflicten unha percepción xeral positiva e estable, tanto pola calidade docente como pola utilidade do título para a formación investigadora e profesional.

A nivel de perfil de ingreso, o máster mostra unha notable diversificación xeográfica e disciplinar. A porcentaxe de alumnado de fóra de Galicia alcanzou no curso 2022/23 o seu máximo histórico (23,08%), e a presenza de estudantes estranxeiros na USC pasou de 0% nos cursos anteriores a un 3,85%, sinal clara da progresiva internacionalización da titulación. A nota media de acceso mantívose estable e en ascenso (7,82 en 2022/23), o que reflicte unha boa calidade media do alumnado.

Desde a perspectiva organizativa, o máster destaca por unha estrutura de coordinación sólida, tanto a nivel local (Comisión Académica USC) como interuniversitario. Esta organización permite garantir a homoxeneidade na planificación docente, a coordinación efectiva entre institucións e a resposta áxil ás necesidades do alumnado. As materias impártense segundo os estándares esixidos, e o título combina sesións presenciais, docencia virtual e actividades intercampus (como o Ciclo de Conferencias en Jaca), o que o converte nun

modelo de cooperación académica moi ben valorado.

En resumo, o máster sitúase como unha das titulacións de posgrao máis sólidas da área de Historia Contemporánea en España, tanto polo seu deseño académico como polos seus resultados e percepción. Os principais retos actuais están relacionados coa mellora da recollida de datos de satisfacción dos egresados e co seguimento da taxa de abandono, mantendo, en todo caso, un nivel de excelencia que fai do título unha referencia estatal no ámbito dos estudos históricos.

1.5. Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte

1.5.1. Información xeral

O Mestrado, coordinado pola USC en colaboración coa ULPGC, mantivo a súa estrutura de módulos e especialidades conforme á memoria verificada. No curso 2023/24 continuou sendo unha titulación de interese e con demanda sólida, destacando pola súa transversalidade e pola súa capacidade de atracción de alumnado procedente de diversas áreas de coñecemento e contextos xeográficos.

1.5.2. Cumprimento das garantías docentes

Adocencia desenvolveuse segundo o previsto, cunha coordinación académica eficaz, especialmente relevante tratándose dunha titulación interuniversitaria. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida na USC ascendeu ata un 4,74, mellorando claramente respecto ao 4,04 do curso 2022/23. Esta mellora reflicte un retorno progresivo á normalidade académica e unha boa percepción da calidade docente. Porén, a taxa de resposta á enquisa descendeu ao 21,87% (43,75% no curso anterior), o que será obxecto de reflexión e proposta de mellora.

1.5.3. Resultados do título

Os datos obtidos para o Mestrado recóllense nos seguintes puntos:

- Taxa de rendemento: 79,27% na USC, cun lixeiro descenso respecto ao 82,44% do curso anterior, mantendo a tendencia de oscilación moderada pero estable por riba do 75%.
- Taxa de éxito: 98,87% na USC, mellorando respecto ao 97,54% do curso anterior. Na ULPGC mantense no 100%.
- Taxa de avaliación: 80,18% na USC, continúaase a tendencia á baixa (84,48% en 2022/23).
- Taxa de graduación: 48,28%, supón unha caída significativa respecto ao 78,57% do curso anterior.
- Duración media dos estudos: Redúcese a 1,4 anos (1,65 no curso anterior).
- Taxa de eficiencia: Suba ata o 96,15%, fronte ao 90,74% en 2022/23, o que representa unha recuperación notable.
- Taxa de abandono: 20,69% na USC (0% na ULPGC), un dato que require análise para identificar causas e posibles medidas correctoras.

- Taxa de éxito dos egresados: 98,71% na USC, mantendo a liña dos cursos anteriores.

1.5.4. Análise do perfil real de ingreso / egreso

O máster mantén o número de prazas (30 na USC, 25 na ULPGC). En 2023/24 houbo 41 estudantes matriculados na USC e 16 na ULPGC. O número de novos alumnos matriculados na USC foi de 25 (29 no curso anterior). A nota media de acceso descendeu lixeiramente ata 7,79 (8,01 no curso anterior). A porcentaxe de estudantes estranxeiros aumentou ata un 17,07% (14,29% en 2022/23), e tamén se incrementou a de alumnado doutras CCAA, alcanzando outro 17,07%.

1.5.5. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

Non se dispón de datos da satisfacción xeral dos egresados no curso 2023/24. No curso anterior (2022/23) acadárase un valor moi alto de 4,82, considerado resposta positiva á recomendación do informe de acreditación de 2022. O incremento na satisfacción coa docencia e os bos resultados xerais apuntan a unha percepción favorable do título, a pesar dalgunhas debilidades como a alta taxa de abandono ou a redución na participación nas enquisas.

1.5.6. Valoración final

O Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte consolidouse nos últimos cinco cursos como unha titulación de referencia no ámbito do patrimonio cultural, tanto pola súa estrutura académica como pola súa capacidade de adaptación aos cambios do contorno profesional e institucional. A estabilidade na oferta de prazas, a continuidade do plan de estudos e a súa organización interuniversitaria articulada entre a USC e a ULPGC permitiron manter un perfil formativo claro e recoñecido.

Desde o curso 2019/20, a titulación amosou un comportamento sólido en indicadores clave:

- As taxas de éxito mantivéronse sempre por riba do 96%, chegando ao 100% na ULPGC en varios cursos.
- A taxa de rendemento oscilou entre o 79% e o 89%, con pequenas variacións anuais que se inscriben nunha dinámica estable.
- A eficiencia tamén foi alta (entre o 90 e o 97,75%), rexistrando unha recuperación no curso 2023/24 cun 96,15%.

En termos de perfil do alumnado, o máster foi quen de diversificar o seu recrutamento:

- A nota media de acceso mellorou ata 8,01 en 2022/23, cun lixeiro descenso no último ano (7,79), mantendo valores superiores á media doutros títulos similares.

- A porcentaxe de alumnado estranxeiro e de outras comunidades autónomas foi crecendo de forma sostida, acadando máximos históricos do 17,07% en ambos casos no curso 2023/24, o que evidencia o seu poder de atracción máis alá do ámbito galego.

A satisfacción do alumnado e egresados mostra valores moi altos:

- A satisfacción coa docencia subiu de 3,95 (2021/22) a 4,74 (2023/24), un dos mellores rexistros históricos.
- A satisfacción xeral dos egresados alcanzou un 4,82 no curso 2022/23, dato moi relevante que respondeu positivamente á recomendación recibida no proceso de acreditación anterior.

Con todo, o curso 2023/24 presenta algúns retos relevantes:

- A taxa de abandono na USC ascendeu ao 20,69%, un incremento significativo que rompe coa tendencia histórica do 0% e require análise en profundidade.
- A taxa de graduación sufriu unha caída ata o 48,28%, un valor inferior ao rango habitual do título.
- A participación nas enquisas institucionais reduciuse, o que pode dificultar a recollida sistemática de datos para a mellora continua.

En conxunto, o mestrado mantén un equilibrio sólido entre calidade académica, inserción profesional e proxección social, apoiado por un cadro docente cualificado, unha organización interuniversitaria eficiente e unha proposta formativa claramente diferenciada. Os datos do curso 2023/24 permiten afirmar que, malia a aparición dalgúns indicadores menos positivos, a titulación segue a ofrecer un modelo educativo robusto, flexible e internacionalizado.

A curto prazo, recoméndase reforzar as accións de seguimento do alumnado e apoio académico individualizado para reducir o abandono e recuperar as taxas de graduación, así como promover estratexias de participación nas enquisas para mellorar o sistema de retroalimentación.

1.6. Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

1.6.1. Información xeral

O Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, implantado por vez primeira en 2010 e actualmente na súa 4ª edición (desde 2020-21), representa unha oferta estratéxica no SUG. Participan as tres universidades galegas (USC, UDC e UVigo) xunto co CSIC, nun modelo de colaboración interinstitucional sólido. A súa estrutura modular e carácter presencial permítenlle ofertar unha formación avanzada, especializada e adaptada ás esixencias profesionais e investigadoras da Arqueoloxía e Historia da Antigüidade.

1.6.2. Cumprimento das garantías docentes

O desenvolvemento do plan de estudos axústase á memoria verificada, cunha evolución continua na súa oferta docente: introdución de materias como “Necrópole e restos humanos”, “Cultura material medieval e moderna” ou “Arqueobotánica” e propostas como “Bioarqueoloxía e ADN antigo” en proceso de tramitación para

vindeiros cursos. A coordinación interuniversitaria garante a actualización metodolóxica e a adquisición de competencias. A satisfacción do alumnado coa docencia mantense elevada: 4,3 en 2021-22, lixeiro descenso en 2022-23, pero dentro dunha marxe positiva e por riba da media do centro.

1.6.3. Procedementos de coordinación

A coordinación é tripartita, cunha Comisión Académica Interuniversitaria e estruturas locais nas tres universidades. Esta organización permite a supervisión e axuste continuado do programa. Inclúense sesións informativas para alumnado, revisión anual da oferta docente e integración progresiva de prácticas e escavacións, como no Castro de Elviña (A Coruña), desde 2019/20.

1.6.4. Resultados do título

Os indicadores académicos presentan unha tendencia xeral positiva:

- Taxa de rendemento: recuperouse de 81,23% en 2021-22 a 86,47% en 2022-23.
- Taxa de éxito: estable e elevada, arredor do 99% nos últimos cinco cursos.
- Taxa de avaliación: mantense en valores moi altos, superiores ao 80%.
- Taxa de graduación: 70,59% en 2022-23, cun lixeiro descenso respecto de anos previos.
- Taxa de abandono: 11,76% en 2022-23, valor moderado e inferior á media doutros títulos da facultade.
- Duración media dos estudos: mantida nun valor axeitado (1,76 anos), cun incremento leve tras a mellora observada no curso 2020-21 (1,09 anos).

1.6.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

A oferta mantense en 25 prazas por edición na USC. A matrícula estabilizouse arredor dos 20-24 alumnos anuais desde 2019-20, cunha media quinquenal de 21. A internacionalización medrou, con presenza destacada de estudantes de China e Arxelia. A práctica totalidade do alumnado de novo ingreso matricúlase do curso completo. A formación de tipo práctico incrementouse en cantidade e calidade, con dúas campañas de escavación e colaboración con museos e empresas.

1.6.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A satisfacción dos egresados acadou un 3,55 en 2021-22, en liña con valores de outras titulacións. Non se rexistraron reclamacións significativas. O seguimento permanente a través de entrevistas periódicas e o compromiso docente permiten detectar e corrixir incidencias de forma anticipada.

1.6.7. Valoración final

O Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade constitúe unha titulación de referencia no eido do patrimonio arqueolóxico e histórico, cunha traxectoria consolidada ao longo das súas catro edicións e un claro perfil estratéxico dentro do SUG. A súa configuración interuniversitaria, que integra a USC, a UDC, a UVigo e o CSIC, dota o título dunha estrutura sólida, diversificada e cun alto nivel de especialización, tanto desde o punto de vista académico como profesional.

Durante os últimos cinco cursos, o máster experimentou unha evolución positiva en termos cuantitativos e cualitativos. A taxa de rendemento recuperouse progresivamente tras o impacto da pandemia, situándose no 86,47% no curso 2022/23, en liña coas expectativas dun máster especializado. A taxa de éxito mantense en valores moi elevados (por riba do 98%), o que demostra a eficacia do sistema docente e o alto grao de adquisición das competencias por parte do alumnado. A taxa de avaliación tamén se mantén estable e por riba do 80%, con indicios de recuperación nas últimas edicións.

En canto á taxa de graduación, detectouse unha lixeira tendencia descendente nos dous últimos cursos (73,68% en 2021/22 e 70,59% en 2022/23), que pode estar vinculada á prolongación da elaboración dos TFM ou a circunstancias persoais do alumnado. A duración media dos estudos incrementouse ata 1,76 anos, pero mantense dentro dos estándares razoables para un título que require investigación e prácticas específicas. A taxa de abandono, do 11,76% no último curso con datos pechados, é moderada e menor á media da facultade.

A matrícula mantense estable (media de 21 estudantes nos últimos cinco cursos), con indicios de internacionalización crecente e captación de alumnado de fóra de Galicia, o que reforza o carácter transversal e atractivo do título. O perfil de ingreso está ben definido e axustado aos obxectivos do máster, e a transversalidade das formacións de orixe tamén enriquece o grupo de estudantes.

Cómpre salientar a mellora e diversificación da oferta formativa, coa incorporación de novas materias optativas e obrigatorias, accións prácticas en contextos reais (como escavacións arqueolóxicas) e a planificación de novos contidos como “Bioarqueoloxía e ADN antigo”. Estes elementos, xunto cunha coordinación interuniversitaria fluída e eficaz, garanten a capacidade de adaptación do título ás novas demandas formativas e profesionais.

A satisfacción do alumnado coa docencia mantense nun nivel elevado, con valores superiores a 4 nos últimos cursos, e sen incidencias relevantes rexistradas. A última valoración dos egresados (3,55 en 2021/22) sitúase nun nivel aceptable, pero será preciso seguir mellorando os mecanismos de seguimento para dispoñer de datos máis actualizados e comparables.

En resumo, o máster sitúase como unha titulación de posgrao de alta calidade, cunha orientación clara cara á profesionalización e á investigación, e cunha capacidade recoñecida para xerar competencias específicas no ámbito da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade. Os principais retos a futuro inclúen: (i) Consolidar a mellora da taxa de graduación; (ii) Optimizar o tempo medio de finalización dos estudos; (iii) Fortalecer a recollida de datos de seguimento de egresados e inserción profesional; e (iv) Incrementar a visibilidade e internacionalización do título.

A súa capacidade de resposta formativa, o compromiso do cadro docente e a cooperación institucional son elementos clave que o manteñen como un referente no sistema universitario galego e español neste eido disciplinar.

1.7. Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII

1.7.1. Información xeral

O máster iniciouse no curso 2015/16 como título interuniversitario entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade Autónoma de Madrid (UAM) e a Universidade de Cantabria (UC), cunha estrutura consolidada e un plan de estudos que reflicte os avances recentes na investigación en Historia Moderna. No curso 2023/24 iniciouse o procedemento de renovación da acreditación, cuxa finalización está prevista para o curso 2024/25. A orientación do título combina enfoques académico-investigadores e profesionalizantes, incluíndo prácticas externas e un módulo de seminarios específicos.

1.7.2. Cumprimento das garantías docentes

As guías docentes actualízanse anualmente conforme os criterios establecidos na Memoria verificada. O profesorado participante pertence a grupos de investigación consolidados e incorpora metodoloxías docentes que facilitan a adquisición das competencias previstas. A formación complétase coa participación en congresos, seminarios e prácticas externas en arquivos, bibliotecas e outras institucións, ofrecendo un contacto directo co ámbito profesional.

1.7.3. Procedementos de coordinación

O funcionamento do máster está regulado por unha Comisión Académica Interuniversitaria e comisións académicas propias en cada sede. No caso da USC, estas estruturas aseguran a coordinación docente horizontal e vertical, a validación da programación e a resolución de incidencias. As reunións celebradas teñen actas dispoñibles, con rexistro das decisións adoptadas, como a asignación de titores de TFM ou a matrícula de honra.

1.7.4. Resultados do título

Durante o curso 2022/23, os principais indicadores cuantitativos foron os seguintes:

- Taxa de rendemento: 75,51%
- Taxa de éxito: 97,37%
- Taxa de avaliación: 75,55%
- Taxa de graduación: 50%
- Taxa de eficiencia: 90%
- Duración media dos estudos: 1,5 anos
- Taxa de abandono: 37,5%

Os resultados foron inferiores aos de anos anteriores, debido fundamentalmente a circunstancias persoais do alumnado e atrasos na defensa do TFM.

1.7.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

No curso 2022/23 matriculáronse 11 estudantes (8 de novo ingreso), cunha nota media de acceso de 6,86. A porcentaxe de alumnado estranxeiro foi do 36,36% e o 9,09% procedía doutras comunidades autónomas. A taxa de ocupación situouse no 80%, cun 45,45% dos matriculados titulados pola USC. O perfil de ingreso mantén a coherencia co previsto na Memoria, con alumnado procedente maioritariamente do Grao en Historia e outras titulacións de Humanidades.

1.7.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

No curso 2022/23 a satisfacción do alumnado coa docencia foi de 3,76, inferior a anos anteriores. A taxa de resposta na enquisa situouse no 20%. Non se dispón do dato actualizado de satisfacción dos egresados para este curso; os rexistros máis recentes apuntaban a un valor de 3,55 (2021/22) e 3,26 (2020/21), en descenso respecto dos anos anteriores.

1.7.7. Valoración final

O Mestrado Universitario en Historia Moderna constitúe unha proposta académica sólida e recoñecida, cunha rede de colaboración estable entre tres universidades públicas españolas e institucións culturais de primeiro nivel. O seu enfoque formativo, centrado nunha combinación de docencia, investigación e contacto co mundo profesional, garante a adquisición das competencias previstas.

Apesar dos bos resultados históricos en termos de rendemento e éxito, os datos do curso 2022/23 mostran unha diminución en varios indicadores clave (rendemento, avaliación, graduación), consecuencia en boa medida de circunstancias individuais e da posposición na defensa dos TFM. A duración media dos estudos mantense en niveis aceptables, aínda que cun leve ascenso respecto ao curso anterior.

A dimensión internacional do máster reforzouse cunha alta porcentaxe de estudantes estranxeiros (36,36%), e a taxa de ocupación acadou un 80%, en mellora respecto de edicións previas. A diversidade no perfil académico do alumnado e a flexibilidade do plan de estudos contribúen a fortalecer o atractivo do título.

O nivel de satisfacción global amosado polos estudantes sufriu un descenso que debería ser obxecto de seguimento específico. Cómpre mellorar o índice de participación nas enquisas e analizar posibles vías de reforzo no acompañamento ao estudantado no tramo final da titulación. En todo caso, o máster mantén os seus estándares de calidade e continúa a ser unha opción estratéxica dentro da oferta académica do centro.

1.8. Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades

1.8.1. Información xeral

O Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades, título interuniversitario e interrexional, atópase no seu segundo ano de implantación (curso 2023/24). Participan seis universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, destacando o seu carácter interdisciplinar e internacional. A USC oferta 6 prazas e no presente curso cubriu 5, cunha taxa de ocupación do 50%. Trátase dun título semi-presencial, de 90 ECTS, cuxa coordinación e desenvolvemento segue a memoria verificada sen incidencias relevantes.

1.8.2. Cumprimento das garantías docentes

A estrutura docente mantense conforme á memoria verificada, con actividades formativas axeitadas ao perfil de egreso. As guías docentes actualízanse regularmente e reflicten con fidelidade as competencias previstas. A coordinación entre docentes, tanto horizontal como interuniversitaria, é eficaz, especialmente nas materias co-impartidas. A mobilidade do alumnado segue sendo un reto pendente, xa que non se rexistraron mobilidades nin uso do programa IACOBUS. A docencia a distancia non supón un obstáculo significativo para a adquisición de competencias, aínda que se sinala a conveniencia de máis presencialidade nalgúns casos.

1.8.3. Procedementos de coordinación

A coordinación do máster artéllase a través dunha Comisión Académica Interuniversitaria que promove a comunicación entre as diferentes sedes e asegura a coherencia do plan formativo. A USC mantén unha correcta xestión docente, con asignacións claras e mecanismos de control das Prácticas Académicas Externas. Non se dispoñen aínda datos de satisfacción sobre estas prácticas.

1.8.4. Resultados do título

Os indicadores do curso 2023/24 amosan unha significativa baixada respecto ao curso anterior:

- Taxa de rendemento: 20,83% (vs. 80% en 2022/23)
- Taxa de éxito: 58,82% (vs. 100%)
- Taxa de avaliación: 35,42% (vs. 80%)

Este descenso explícase pola baixa implicación do alumnado (dúas baixas durante o curso) e pola falta de resposta ás enquisas. Só dúas materias acadaron o 100% de avaliación, mentres outras rexistraron valores do 0 ao 33%.

1.8.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

A nota media de acceso mellorou lixeiramente (6,28), pero ningún estudante accedeu cunha nota igual ou superior a 6 (IN07M). A maioría dos matriculados son titulados da USC (40%) e non hai presenza de estudantes estranxeiros nin de fóra de Galicia. As titulacións de procedencia foron moi diversas (Dereito, Socioloxía, Arquitectura Técnica), o que confirma a transversalidade do máster. Non hai aínda egresados, polo que non se

dispoñen datos de inserción laboral.

1.8.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A participación nas enquisas foi moi baixa ou nula. Non se dispoñen datos relevantes de satisfacción do alumnado nin dos titores de prácticas. A satisfacción do profesorado coa docencia foi de 3,5 (12,5% de participación) e coa titulación de 3,24 (22,2% de participación), polo que non se consideran valores representativos.

1.8.7. Valoración final

O Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades amosa un deseño innovador e con potencial, sustentado nunha colaboración eurorrexional entre seis universidades. A pesar do seu atractivo académico e interdisciplinaria, o curso 2023/24 viu unha baixada notable nos seus principais indicadores de rendemento, que resulta preocupante. A taxa de rendemento do 20,83% e a avaliación do 35,42% sinalan problemas graves de continuidade e participación do alumnado, en parte atribuíbles ao abandono dalgúns estudantes e a problemas de motivación.

A falta de datos de satisfacción do alumnado e egresados, así como a escasa participación do profesorado nas enquisas, limita a capacidade de avaliación real do impacto do título. É necesario reforzar os mecanismos de seguimento, mellorar a comunicación e visibilidade do máster, así como fomentar unha maior implicación dos estudantes.

Non obstante, destaca positivamente a cualificación do cadro docente (100% con sexenios), a estabilidade na nota media de acceso e o compromiso co seguimento da calidade por parte das universidades participantes. Cómpre realizar accións correctoras urxentes, sobre todo para mellorar a retención do alumnado e garantir a viabilidade futura do programa. A consolidación do título dependerá da súa capacidade para acadar estabilidade no número de matriculados, mellorar a resposta ás enquisas e recuperar os niveis de rendemento do seu primeiro ano.

1.9. Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital

1.9.1. Información xeral

O Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital, implantado no curso 2023/24, é unha titulación de carácter interuniversitario entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña. Cunha carga lectiva de 90 ECTS e docencia presencial, a titulación nace como resposta á necesidade de formación específica e avanzada nun ámbito en crecente desenvolvemento e proxección profesional como é o patrimonio cultural no contexto dixital. A súa primeira edición situouse xa como referente tanto a nivel galego como estatal, sendo valorado como unha titulación estratéxica nun contexto de transformación tecnolóxica do sector patrimonial.

1.9.2. Cumprimento das garantías docentes

A estrutura académica do máster responde fielmente ao recollido na memoria verificada. A planificación do curso foi organizada de xeito que os contidos se imparten de forma progresiva e coherente, evitando baleiros e duplicidades, grazas ao labor da Comisión Académica e ás propostas orientadoras para a elaboración das programacións docentes. Ademais, establecéronse documentos guía e ferramentas compartidas entre o profesorado para garantir a homoxeneidade.

1.9.3. Procedementos de coordinación

A coordinación do título artículase a través de tres órganos: a Comisión Académica de Título (conxunta USC-UDC), dúas comisións locais (unha por universidade) e unha Comisión Permanente que mantén contacto semanal. As sesións “espello” mediante Teams e o uso de carpetas compartidas permiten unha xestión efectiva e sincronizada da docencia. Estas accións aseguran unha coordinación vertical e horizontal efectiva, clave nun máster interuniversitario.

1.9.4. Resultados do título

Ao tratarse do primeiro curso da titulación, aínda non existen datos relativos á taxa de graduación, abandono ou eficiencia. Porén, os indicadores dispoñibles mostran 100% en taxa de avaliación e de éxito, e do 80% na de rendemento.

O informe reflexiona sobre a necesidade de continuar incentivando a participación nas enquisas, cunha taxa de resposta do 46,15% (IN48M), e sobre o seguimento individualizado de prácticas e itinerarios para asegurar a adquisición de competencias.

1.9.5. Análise do perfil real de ingreso / egreso

O alumnado provén principalmente de graos en Historia da Arte, Historia, Comunicación, Filoloxía, Belas Artes ou Informática. Non se rexistrou mobilidade estudantil no primeiro curso, mais prevese o desenvolvemento de convenios e mecanismos de fomento nos cursos vindeiros. A diversidade de perfís responde ben á transversalidade do máster e ao carácter innovador dos seus contidos.

1.9.6. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

Os primeiros datos dispoñibles amosan un alto grao de satisfacción:

- Satisfacción do alumnado coa docencia: 4,72 (IN46M)
- Satisfacción do profesorado: 4,21 (IN47M)

Destácase positivamente a implicación do equipo docente, a pertinencia dos contidos e a utilidade do título.

Están en marcha mecanismos para incorporar a valoración dos egresados en vindeiras edicións.

1.9.7. Valoración final

O Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital amosa, xa na súa primeira edición, un nivel organizativo e académico excelente. A súa posta en marcha reflicte unha planificación rigorosa e unha implementación eficaz dos mecanismos de coordinación, o que favorece unha docencia estruturada, coherente e adaptada ás necesidades dunha área en plena expansión como o patrimonio dixital.

A coordinación con institucións e empresas para o desenvolvemento das Prácticas Académicas Externas foi moi coidada, incluíndo entidades como a Biblioteca de Galicia, Abanca, CINFO, NTT Data ou Animatium, o que asegura unha conexión efectiva entre formación académica e práctica profesional.

Os resultados obtidos e os índices de satisfacción amosan un título cun alto potencial de consolidación e prestixio. A ausencia de abandono e os bos indicadores de rendemento e éxito sitúan o máster como unha aposta académica solvente e prometedora. Os principais retos atópanse na consolidación dos procedementos de avaliación continua, na ampliación da mobilidade estudantil e no fortalecemento da recollida de datos de egresados, aspectos xa contemplados nas melloras previstas. En definitiva, o título preséntase como unha ferramenta clave para a formación de profesionais nun sector estratéxico para a conservación e posta en valor do patrimonio na sociedade dixital.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a normativa de xestión académica da USC así como o regulamento para a súa tramitación pode consultarse a través da súa web, tanto a nivel de grao como de máster. Igualmente están dispoñibles as memorias de todos os títulos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia, así como outra normativa xeral de interese para todos os sectores do Centro, como a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES, normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC, convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES, normativa de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 13/93/2007, normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster e o regulamento de prácticas académicas externas.

Na páxina web da FXH tamén se pode consultar a normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensinanza/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como os regulamentos de Traballo de Fin de Grao dos títulos impartidos..

Os procesos clave (PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio aos estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas) e os protocolos do SGC están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos e, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimentos dos títulos e do Centro. A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da USC, no caso dos Graos en Xeografía e Ordenación do Territorio, Grao en Historia e Grao en Historia da Arte, e en webs propias no caso dos títulos de Mestrado Universitario en Historia Contemporánea, Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte, Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII, Mestrado Universitario en Desafío das Cidades, e Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural e Dixital.

1. GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

1.1. Admisión do alumnado

No curso 2023/24 ofertáronse 50 prazas, admitíronse 28 estudantes e formalizaron matrícula 23. A nota de corte foi de 5,374 e a nota media de acceso acadou 8,259 (bacharelato) e 8,115 (FP). Este dato consolida a tendencia positiva observada desde o curso 2020/21, cando a media era de 7,2922. Aporcentaxe de alumnado cunha nota igual ou superior a 6 foi do 82,6%, reforzando o perfil de ingreso adecuado para a titulación.

1.2. Aplicación de normativas predefinidas

A avaliación baseouse en criterios previamente definidos nas programacións docentes. Os procedementos de avaliación seguen as pautas establecidas pola USC e UDC, sendo aplicados con coherencia e validados en reunións de coordinación e mediante informes de seguimento.

9.7. Prácticas externas

A oferta de prazas foi ampla e variada, con colaboracións con entidades como CISPAC, a Biblioteca de Galicia, NTT Data ou Xercode, entre outras. As prazas foron asignadas por orde de expediente académico, tras o peche das actas.

9.8. Traballos de Fin de Mestrado (TFMs)

O curso 2023/24 foi de planificación e desenvolvemento normativo para a futura implantación do TFM, prevista para o curso seguinte. Elaborouse unha normativa específica para regular a asignación, seguimento e avaliación dos TFM, reforzando o rigor do proceso.

9.9. Resultados do título

Os resultados do título mostran un nivel satisfactorio, cunha taxa de éxito moi alta e rendemento e avaliación en valores notables. A ausencia de NP (non presentados) relevantes mostra unha participación activa e eficaz do alumnado.

9.10. Resultados das materias

A análise dos resultados nas materias do curso 2023/24 amosa unha dinámica global moi positiva. Das 15 materias impartidas, 9 acadaron unha taxa de avaliación do 100%, 4 situáronse no 66,67% e 2 no 50%. Todos os casos acadaron unha taxa de éxito do 100%, o que indica que o alumnado que se presentou superou as materias satisfactoriamente. Esta variabilidade na avaliación está relacionada coa baixa dunha alumna ao longo do curso, o que afectou á porcentaxe de presentación nalgúns materias, pero non á calidade nin aos resultados dos estudantes que completaron o proceso de avaliación. En conxunto, os datos reflicten un nivel de rendemento académico moi alto e unha sólida planificación docente.

9.11. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A valoración global do alumnado coa docencia foi moi elevada (4,72 sobre 5), o que reflicte unha percepción moi positiva da calidade docente. A enquisa foi aplicada por primeira vez este curso.

9.12. Valoración final

9.12.1. Aspectos consolidados

- Elevada taxa de éxito (100%) e boa satisfacción do alumnado (4,72), o que demostra un ensino de calidade.
- Sistema de coordinación eficaz entre as dúas universidades, con mecanismos claros de seguimento e mellora continua.
- Oferta moi ampla e variada de prácticas externas, con inserción en entidades de referencia no ámbito do patrimonio dixital.
- Elaboración anticipada da normativa para TFM, o que garante unha correcta implantación futura.

9.12.2. Propostas de mellora

- A taxa de avaliación e rendemento poderían mellorar lixeiramente, sobre todo se se reduce a taxa de abandono e se fomenta unha participación plena en todas as materias.
- Aínda non hai implementación efectiva de mobilidade estudantil, o que representa unha oportunidade para futuras edicións.

- É necesaria a consolidación e seguimento do novo procedemento de TFM, así como o establecemento de series temporais que permitan valorar mellor a evolución do título.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións adscritas á FXH continúa a demostrar un alto nivel de excelencia e adecuación ao desempeño, tal e como reflicten os datos de renovación de acreditación dos títulos e a implantación de novas titulacións. Non obstante, a sucesión de xubilacións nos últimos anos e as restricións derivadas das taxas de reposición teñen afectado á estrutura de idade do profesorado, situándose no curso 2022/23 en 53,6 anos.

Para mitigar o impacto destas limitacións, as distintas áreas de coñecemento da Facultade teñen demostrado unha notable capacidade para captar persoal a través de convocatorias competitivas, como os programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e outras iniciativas do Ministerio e da Xunta de Galicia, así como contratos predoutorais. O Centro facilita a integración deste persoal nas actividades docentes e investigadoras, dentro

das posibilidades que permiten os contratos respectivos.

Esta estratexia contribúe a manter a calidade docente e investigadora da Facultade, asegurando a continuidade e a renovación xeracional necesarias para afrontar os retos presentes e futuros.

1. GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Durante o curso 2023/24 mantense a tendencia observada nos últimos anos en canto á composición, capacitación e actividade docente e investigadora do profesorado do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. O persoal docente segue a amosar unha implicación destacada no desenvolvemento da titulación, malia continuar arrastrando problemas estruturais, especialmente relacionados coa sobrecarga docente.

Composición do cadro docente

O número total de docentes implicados na titulación é de 40, dos cales o 78,95% pertencen ao Departamento de Xeografía, mentres que o resto están adscritos aos departamentos de Edafoloxía e Química Agrícola (5,26%), Historia (13,16%) e Historia da Arte (2,63%). En termos de cualificación, a porcentaxe de profesorado doutor ascende neste curso ao 90%, unha melloría respecto ao 84% rexistrado no curso anterior, o cal se vira afectado pola incorporación de persoal predoutoral. Este dato supón unha recuperación da estabilidade e suficiencia prevista nas memorias de verificación do título.

Cualificación e actividade investigadora

O grao de capacitación e competencia docente e investigadora segue sendo moi elevado. O 93,75% do profesorado ten recoñecidos sexenios de investigación, mantendo unha sólida actividade científica. A maioría dos membros do Departamento de Xeografía están integrados en grupos de investigación con produción altamente relevante, con artigos indexados en bases de datos internacionais (JCR, Scopus), dirección de teses de doutoramento e participación en proxectos competitivos. Cómpre destacar que o Departamento de Xeografía da USC figura entre os 300 primeiros a nivel mundial no ranking de Shanghai e ocupa o terceiro posto entre os departamentos de Xeografía en España, só por detrás da UAB e da UB, malia contar con menos recursos humanos e materiais.

Formación docente e metodoloxía

O profesorado participa de maneira regular na oferta de actividades do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC, o que permite unha actualización permanente nas metodoloxías de ensinanza e avaliación, en liña co enfoque centrado na aprendizaxe do alumnado.

Problemas estruturais persistentes

A principal eiva segue a ser a sobrecarga docente: o profesorado do grao asume tamén docencia noutras titulacións do centro (Historia, Historia da Arte, Paisaxe) e en varios mestrados (Patrimonio Cultural, Xeografía, Arqueoloxía, entre outros), o que supón unha presión continuada que dificulta tanto a docencia como a investigación. Esta situación afecta especialmente ao persoal máis novo, moitas veces con excelente formación acreditada (ANECA, ACSUG) pero sen posibilidades reais de promoción ou estabilización, debido aos recortes en prazas e á escasa renovación do cadro.

Persoal de apoio á docencia

Non se presentan novidades significativas respecto ao curso anterior. O apoio técnico e administrativo mantense estable, pero segue a ser preciso reforzar determinados aspectos, como a xestión da mobilidade e as prácticas externas, especialmente nun contexto de incremento da carga burocrática.

2. GRAO EN HISTORIA

O Grao en Historia mantén unha estrutura docente sólida e altamente cualificada, tal como reflicten os principais indicadores. Durante o curso 2023/24, a porcentaxe de profesorado con sexenios recoñecidos (IN24G) foi do 97,44%, superando as cifras dos cursos anteriores (95,24% no 2022/23, 92,68% no 2021/22 e 91,67% no 2020/21). Este dato evidencia a estabilidade e capacidade investigadora do cadro docente do título.

A porcentaxe de profesorado funcionario (IN26G) mantense estable en 77,78%, situándose arredor de vinte puntos por riba da media da USC, o que confirma a consolidación do equipo docente. En canto á porcentaxe de PDI doutor sobre o total, esta acadou o 97,78%, cifra lixeiramente inferior ao 100% de hai catro cursos, pero aínda así moi elevada.

No que atinxe á docencia, os grupos de teoría contan cunha media de estudantes que chegou a 69,28 no curso 2023/24, mentres que nas materias optativas a media foi de 43,27 alumnos por grupo. A media en docencia interactiva foi de 30,52, lixeiramente superior á de cursos anteriores e moi por riba da media da USC (22,5).

A participación do profesorado en programas de mobilidade segue sen datos recentes (o último foi do 6,85% no curso 2019/20). A USC ofrece oportunidades de actualización docente a través do seu programa PFID, e parte do profesorado participa activamente nel.

A valoración do alumnado sobre a docencia impartida (IN46G) é crecente: 4,26 no curso 2022/23 e 4,27 no 2023/24, o que demostra un alto nivel de satisfacción.

O persoal de apoio é suficiente e adecuado, composto por doce membros que desempeñan funcións de xestión e apoio administrativo e técnico na Facultade. Estes inclúen persoal de servizos xerais, administración de departamentos e xestión económica, ademais do persoal técnico e auxiliar da Biblioteca da Facultade, con 12 integrantes.

A cualificación do persoal de apoio está en consonancia coas esixencias do título, e a USC facilita a súa formación continua. Os indicadores de satisfacción cos servizos, aínda sen actualizacións desde 2019, amosaban valores elevados (3,94 no curso 2018/19, 3,97 no 2017/18 e 3,34 no 2016/17).

3. GRAO EN HISTORIA DA ARTE

Durante o curso 2023/24, o Grao en Historia da Arte continúa a contar cun profesorado altamente cualificado, tal e como amosan os principais indicadores recollidos na memoria do título. A totalidade dos docentes de persoal (catedráticos, titulares, contratados doutores, axudantes doutores e investigadores en programas competitivos) teñen a condición de doutores, mais a porcentaxe de PDI doutor sobre o total sitúase no 97,14%. Esta cifra, lixeiramente inferior ao 100%, débese á inclusión de contratados predoutorais na estrutura docente, aínda que continúa moi por riba da media da área (86,91%) e da media da USC (81,31%). En termos de traxectoria investigadora, o 92,59% do profesorado activo conta con sexenios de investigación recoñecidos, unha porcentaxe practicamente idéntica á do curso 2022/23 (92,86%), o que confirma a continuidade dun alto nivel de produción científica.

No que atinxe á estrutura do profesorado, os datos reflicten unha situación de equilibrio relativa, que se ve condicionada por factores conxunturais como as xubilacións e a escasa taxa de reposición. A porcentaxe de

persoal funcionario, que nos últimos cursos viña experimentando un descenso, modificou esta tendencia no curso 2023/24 ao acadar o 65,71%, fronte ao 62,86% do ano anterior, recuperando case tres puntos porcentuais. Esta mellora débese a procesos de estabilización académica desenvolvidos nos últimos tres cursos, con acceso á cátedra de catro profesores e á titularidade de outros catro docentes, así como á incorporación de novos perfís non funcionarios, entre os que se contan axudantes doutores, un investigador Ramón y Cajal, dous investigadores distinguidos e dous contratados posdoutorais. Estes cambios afectan tanto ao número de sexenios rexistrados como á porcentaxe de persoal funcionario.

A media de estudantes por grupo teórico obrigatorio mantén a tendencia ascendente detectada xa no curso anterior, alcanzando nesta ocasión os 87,91 alumnos por grupo, fronte aos 82,35 do curso 2022/23 e os 66,90 do curso 2021/22. Este incremento debeuse ao aumento de prazas ofertadas, que afectou tamén aos grupos interactivos e optativos. A media de alumnado por grupo en materias optativas sitúase nos 29,42 estudantes, unha lixeira baixada respecto ao curso anterior (31,42), mentres que nos grupos interactivos acádase unha media de 29,31, superando os 27,15 do curso pasado. Estes datos indican unha presión crecente sobre os recursos docentes dispoñibles, especialmente nos primeiros cursos.

En canto á calidade percibida da docencia, a satisfacción do alumnado coa docencia impartida mantense en valores moi elevados, cun 4,27 sobre 5, practicamente idéntico ao curso anterior (4,41). Pola súa parte, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén experimenta unha lixeira baixada, acadando un 4,26 fronte ao 4,35 do curso anterior, mantendo en calquera caso un equilibrio sostido e valores por riba da media da USC. Estes resultados son indicativos dun alto nivel de compromiso e profesionalidade por parte do persoal docente, a pesar das limitacións estruturais.

Por último, no relativo á formación do profesorado, mantense a tendencia dos cursos anteriores en canto a unha valoración moderada da oferta existente, debido á escasa variedade e repetición dalgunhas actividades formativas. Non se dispón de dato actualizado do indicador IN28G neste curso, mais a análise realizada permite concluír que o cadro docente segue a manter estándares elevados de cualificación e rendemento. A pesar dos retos existentes, como a estabilización do profesorado novo e a presión sobre a docencia debido ao crecemento da matrícula, o Grao en Historia da Arte continúa a demostrar unha capacidade notable para manter e mellorar a calidade do seu persoal académico.

4. MESTRADO UNIVERSITARIO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Durante o curso O profesorado que participa no mestrado na sede da USC continúa a amosar un elevado grao de cualificación e implicación docente e investigadora. No curso 2023/24, a docencia foi impartida por un total de 19 docentes, dos cales 13 son PDI funcionario, 1 é profesor contratado doutor, e 5 investigadores contratados (incluíndo figuras de excelencia como os programas Juan de la Cierva, Margarita Salas, Ramón y Cajal e un investigador distinguido), ademais dun profesor emérito. A totalidade do profesorado ten o título de doutor, mantendo o 100% do indicador IN25M.

En relación cos indicadores de sexenios de investigación (IN24M), non se dispón de datos actualizados para o curso actual, mais os rexistros anteriores indicaban unha porcentaxe do 100% en 2015-2016 e do 92,31% no 2022/23, o que reflicte unha liña de continuidade na alta produtividade investigadora do cadro docente.

A porcentaxe de persoal funcionario (IN26M), calculada a partir dos datos dispoñibles, sitúase arredor do 68,4% no curso 2023/24, un lixeiro descenso respecto aos rexistros históricos (69% en 2014/15 e 2015/16). Esta situación mantén unha estabilidade relativa, aínda que se detecta certa necesidade de reforzo estrutural na estabilidade das prazas.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30M) non conta con actualizacións recentes, situándose historicamente en valores baixos (1,63 en 2014/15). Estímase que no curso actual a cifra podería estar próxima ao 0,9%, reflexo dunha atención moi personalizada ao alumnado.

En termos de satisfacción docente (IN47M), as enquisas do curso 2022/23 ofrecen unha valoración media de 4,26 sobre 5, coherente coas cifras de cursos anteriores e indicativa dun alto grao de satisfacción profesional coa docencia impartida.

O profesorado tamén conta con acceso aos programas de formación da USC, particularmente o PFID (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/formacion/PFID>), que continúa a ser unha vía relevante para a actualización docente e metodolóxica.

No que atinxe ao persoal de apoio, a sede da USC conta cun equipo distribuído entre servizos xerais, decanato, administración departamental, xestión económica e biblioteca. A valoración xeral é positiva, recoñecendo a súa experiencia e compromiso. Non obstante, subliñase a necesidade de reforzo no apoio administrativo do departamento, dada a carga burocrática derivada da natureza interuniversitaria e complexa do título.

En resumo, o mestrado mantén un cadro de profesorado e de persoal de apoio altamente cualificado, comprometido e con participación en programas de excelencia investigadora. A estabilidade, actualización metodolóxica e experiencia do equipo docente, así como os indicadores positivos de rendemento e satisfacción, confirman a fortaleza dos recursos humanos. Como punto mellorable, sinala-se a necesidade de reforzar o apoio administrativo e garantir a continuidade e estabilidade do persoal, especialmente no contexto das figuras postdoutorais e da baixa taxa de reposición.

5. MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN DO PATRIMONIO ARTÍSTICO E ARQUITECTÓNICO, MUSEOS E MERCADO DA ARTE

Durante o curso 2023/24, o mestrado mantivo un cadro docente altamente cualificado e acorde coa memoria verificada do título. A USC é a universidade coordinadora, compartindo a responsabilidade académica coa Universidade de Las Palmas de Gran Canaria (ULPGC), e conta cun equipo docente cunha ampla traxectoria investigadora e docente.

No referente á cualificación do profesorado, na USC o 100% do persoal docente é doutor (IN25M), situándose por riba tanto da media da área como da media da USC. A porcentaxe de PDI con sexenios recoñecidos alcanza o 92,86% (IN24M), cifra que reforza a consolidación do profesorado en termos de experiencia investigadora. A porcentaxe de persoal funcionario é do 64,29% (IN26M), cunha presenza equilibrada de profesorado permanente e contratado que garante a estabilidade e a renovación xeracional. Estes valores, aínda que lixeiramente inferiores aos dos cursos anteriores, mantéñense dentro dos estándares desexables para un mestrado oficial.

Cómpre salientar que a media de alumnos por grupo teórico na USC é de 13,86, mentres que nas sesións interactivas descende a 9,91 (IN31M e IN32M), o que permite un seguimento personalizado da docencia e facilita metodoloxías participativas centradas no alumnado. A ratio de estudantes por docente a tempo completo é de 1,36 (IN30M), unha das máis baixas do conxunto de mestrados, o que contribúe á calidade da atención docente.

A USC e a ULPGC contan con programas formativos específicos dirixidos ao profesorado para fomentar a actualización pedagóxica e investigadora. O compromiso coa formación continua reflíctese na participación

activa do profesorado en actividades do PFID e noutros plans de innovación educativa.

En canto á satisfacción do profesorado, no curso 2022/23 acadouse un valor de 4,26 (IN47M), con tendencia á estabilidade nos últimos cursos. Esta valoración reflicte un nivel elevado de satisfacción co desenvolvemento da docencia, malia as dificultades inherentes á docencia interuniversitaria e á coordinación entre centros.

O persoal de apoio á docencia na Facultade de Xeografía e Historia, ao que tamén recorre este mestrado, está composto por doce persoas, cunha estrutura consolidada e experiencia contrastada. Este cadro de persoal tamén participa en accións de formación continua ofertadas pola USC.

En conxunto, o profesorado do mestrado posúe un perfil altamente especializado, vinculado a grupos de investigación activos e con capacidade contrastada para dirixir traballos de fin de mestrado, orientar prácticas e garantir unha docencia de calidade. Non obstante, o carácter interuniversitario do título implica un esforzo organizativo adicional para garantir a coordinación docente entre institucións, aspecto que se xestiona con eficacia grazas á Comisión Académica Conxunta.

6. MESTRADO UNIVERSITARIO EN ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE

O profesorado que participa no Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade continúa a mostrar un alto nivel de cualificación, estabilidade e implicación co proxecto formativo. Como nos cursos anteriores, mantense a colaboración activa de profesorado pertencente ás tres universidades do SUG (USC, UDC e UVigo), así como do INCIPIT-CSIC e da Universidade de León, o que permite unha docencia especializada e interdisciplinar, coherente co carácter do título.

No curso 2023/24 mantense o 100% de profesorado doutor (IN25M), como vén sendo habitual desde o curso 2017-18, e o 100% conta con sexenios de investigación recoñecidos (IN24M), dato que reflicte un perfil investigador consolidado e superior á media doutros títulos da área. Estes valores mantéñense estables con respecto aos anos anteriores, reforzando a solvencia investigadora e académica do profesorado implicado.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo non presenta cambios significativos con respecto a anos anteriores, aínda que non se dispoñen datos recentes (o último, 1,93 en 2016-17, IN30M). A media de alumnado en grupos interactivos sitúase en 8,58 no curso 2022/23 (IN32M), confirmando a tendencia descendente que xa se viña observando dende o curso 2020/21. Esta circunstancia favorece un ensino máis individualizado e participativo.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, mantense unha valoración alta, con 4,07 sobre 5 no curso 2022/23 (IN47M), lixeiramente inferior ao 4,12 do curso anterior, pero na liña da estabilización post-pandémica que xa se observaba. A evolución deste indicador mostra unha clara melloría con respecto aos anos anteriores ao 2020.

Os procedementos de coordinación seguen a facilitar a participación do profesorado nas tarefas vinculadas ao TFM. A asignación, seguimento e avaliación destas tarefas implica a práctica totalidade do persoal docente, o que supón un esforzo adicional, particularmente importante dada a carga que representa a dirección e avaliación dos traballos.

A mobilidade do profesorado entre universidades (especialmente da UVigo e da UDC cara á sede de Santiago de Compostela) continúa a ser un elemento fundamental no funcionamento do título. Este desprazamento presencial mantense como a norma, aínda que se contempla o uso puntual da videoconferencia en casos xustificadas.

En termos de formación permanente, o profesorado da USC, así como o do resto das institucións participantes, ten acceso aos programas de formación docente das súas respectivas universidades, como o PFID da USC. Con todo, o informe non sinala participación específica en programas formativos durante o curso 2023/24.

En resumo, o profesorado do mestrado continúa a cumprir cos estándares de calidade previstos na memoria verificada, tanto en termos de cualificación como de actividade docente e investigadora. O número de profesorado é axeitado para garantir o correcto desenvolvemento do título, aínda que a distribución da carga docente e o recoñecemento efectivo da dedicación a tarefas como os TFM seguen a ser puntos a ter en conta para mellorar a xestión do título.

7. MESTRADO UNIVERSITARIO EN HISTORIA MODERNA: MONARQUÍA DE ESPAÑA, SÉCULOS XVI-XVIII

No curso 2023-2024, o profesorado da USC implicado no mestrado está constituído por 1 catedrático emérito, 4 catedráticos, 3 profesores titulares, 1 profesor contratado doutor e 2 profesores de universidades externas (Universidade de A Coruña e Universidade Complutense de Madrid). En conxunto, o profesorado das tres universidades participantes (USC, UAM e UC) comprende 30 docentes permanentes (catedráticos e titulares), 6 non permanentes (contratados doutores e axudantes doutores) e 1 investigador Ramón y Cajal.

Este cadro de profesorado garante a adecuación e suficiencia de recursos humanos para cubrir as actividades docentes, prácticas externas e titorización de TFM, tal e como establece a memoria verificada do título. En particular, os 9 profesores da USC acumulan en total 40 quinquenios de docencia e 30 sexenios de investigación, reflectindo unha traxectoria consolidada e unha alta cualificación docente e investigadora.

Cómpre destacar a perspectiva internacional do profesorado, con participación activa en proxectos europeos competitivos como o “Resistance – H2020-MSCA-RISE-2017” sobre resistencias e rebelións nos imperios ibéricos (séculos XVI-XIX), no marco do programa Horizonte 2020 da UE. Ademais, moitos dos docentes teñen realizado estadias de investigación en universidades e centros estranxeiros.

A USC, a través do CeTA (Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe), ofrece formación continua ao profesorado, particularmente en metodoloxías docentes e uso das TIC, que o profesorado deste mestrado aproveita regularmente. Pola súa parte, as universidades participantes tamén contan con programas formativos específicos nos seus respectivos ámbitos.

No que respecta ao persoal de apoio, o mestrado conta coa secretaria do Departamento de Historia da USC e co apoio dos servizos xerais da Facultade de Xeografía e Historia. Este apoio considérase suficiente e adecuado, e os profesionais implicados dispoñen da formación e experiencia necesaria para dar resposta ás necesidades administrativas e técnicas da titulación.

En resumo, tanto o profesorado como o persoal de apoio presentan un perfil de alta cualificación e compromiso coa calidade do ensino e da investigación, malia que cómpre seguir traballando en liñas de mellora que permitan reforzar a estabilidade do persoal máis novo e asegurar a continuidade da calidade docente a medio prazo. A participación activa do profesorado en formación e proxectos de innovación, así como en redes de investigación nacionais e internacionais, constitúe unha das fortalezas distintivas deste mestrado.

8. MESTRADO UNIVERSITARIO EN DESAFÍO DAS CIDADES

Durante o curso académico 2023-2024, o equipo docente da USC estivo composto por 9 profesores repartidos do seguinte modo: 1 Catedrático de Universidade, 1 Profesor Titular, 3 Profesores Axudantes Doutores LOU, 1 Profesor Interino substituto e 1 Investigador/a Distinguido/a. A distribución por áreas amosa que 7 docentes están adscritos á área de Análise Xeográfica Rexional e 2 á área de Xeografía Humana, confirmando a especialización disciplinar axustada aos contidos do mestrado.

Os principais indicadores cuantitativos relativos ao persoal docente son os seguintes:

- IN24M (Porcentaxe de PDI con sexenios): 100% (por riba da media da área 93,90% e da USC 90,34%).
- IN25M (Porcentaxe de PDI doutor sobre o total): 71,43% (inferior á media da área e da USC).
- IN26M (Porcentaxe de PDI funcionario): 28,57% (tamén inferior aos valores medios da área e universidade).

Estes datos evidencian que, aínda que o mestrado conta cun cadro docente altamente implicado e especializado, existe marxe de mellora no incremento da estabilidade do persoal (PDI funcionario) e na porcentaxe de doutores, especialmente se se compara coas medias institucionais.

Cómpre destacar que o tamaño reducido dos grupos (media de 2,29 alumnos por grupo interactivo, segundo o indicador IN32M) permite unha atención personalizada, metodoloxías docentes adaptadas e seguimento continuo do proceso formativo. A docencia impártese integramente desde a área de Xeografía, garantindo coherencia entre investigación e ensino.

En termos cualitativos, o profesorado participa activamente en actividades de formación (seminarios, cursos) e proxectos de investigación competitivos, asegurando a actualización dos contidos e metodoloxías. A USC, ademais, facilita programas específicos para o desenvolvemento docente e investigador do seu persoal, accesibles tamén para o profesorado do título.

Polo que respecta ao persoal de apoio, este está composto por profesionais cualificados, entre os que destaca a secretaria do Departamento de Xeografía, con funcións administrativas e de xestión clave para o bo funcionamento do mestrado. O PTXAS da Facultade contribúe tamén á resolución de incidencias técnicas e administrativas, especialmente importantes na modalidade híbrida do mestrado. Este persoal conta con programas de formación continua ofertados pola USC.

En resumo, o profesorado da USC no mestrado presenta un perfil adecuado, implicado e cunha notable produtividade investigadora, aínda que se identifica un desequilibrio na estabilidade e cualificación formal dun sector do PDI. As infraestruturas e o apoio técnico e administrativo tamén son suficientes e adecuados ao modelo do mestrado.

9. MESTRADO UNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL

Durante o curso 2023/24, o mestrado conta cun cadro docente altamente cualificado, procedente maioritariamente da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e cun perfil axeitado ás necesidades dunha titulación cun marcado carácter interdisciplinar e tecnolóxico.

Segundo os indicadores recollidos no informe, o 100% do profesorado da USC que participa na titulación posúe o título de doutor (IN25M), mantendo un nivel excelente en termos de cualificación académica. A porcentaxe de PDI con sexenios de investigación recoñecidos sitúase no 85,71% (IN24M), lixeiramente inferior a outros mestrados da facultade, pero que continúa a representar un alto nivel de actividade investigadora. A

porcentaxe de profesorado funcionario sitúase no 28,57% (IN26M), o que amosa unha maior presenza de profesorado contratado ou asociado, algo habitual en titulacións recentes e de perfil innovador.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo sitúase en 1,86 (IN30M), o que garante un seguimento docente adecuado. A media de estudantes por grupo teórico é de 14,29, mentres que nas sesións interactivas descende a 9,29 (IN31M e IN32M), indicadores que favorecen unha docencia personalizada e adaptada ao perfil do alumnado.

Cómpre destacar o carácter técnico e dixital do mestrado, que require dun profesorado con competencias en ámbitos como as humanidades dixitais, a documentación, a informática aplicada ao patrimonio, e a comunicación dixital. O profesorado implicado pertence a áreas como Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, Historia da Arte ou Documentación, o que permite unha cobertura ampla das competencias previstas na memoria verificada do título.

O nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) sitúase nun valor de 4,5 sobre 5, segundo os datos recollidos, cun nivel de participación na enquisa do 37,5%, o cal se considera aceptable e revela un grao elevado de compromiso co título.

O persoal de apoio á docencia adscrito á Facultade de Xeografía e Historia proporciona un servizo eficaz, e o seu nivel de formación e experiencia é alto, grazas á participación en programas formativos internos da USC (como o Plan de Formación para o PTXAS).

En resumo, o mestrado conta cun profesorado cualificado, diverso e motivado, aínda que con marxe de mellora en termos de estabilidade e consolidación de persoal permanente. A aposta polo perfil interdisciplinar e a integración de tecnoloxías dixitais supón tamén un reto organizativo e formativo que o actual equipo docente está a afrontar con solvencia.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Centro acolle actualmente acolle a máis de 1.200 estudantes dos tres graos, entre 150 e 170 estudantes de mestrado, e unha cifra que oscila entre os 230 e 250 estudantes de doutoramento. A FXH é, ademais, un referente en investigación nas áreas de humanidades e ciencias sociais. Publica catro revistas científicas e conta, na actualidade, con trinta e un proxectos competitivos de investigación activos, financiados mediante convocatorias públicas. Entre as estruturas de investigación vinculadas ao centro destacan grupos de referencia competitiva e de potencial crecemento. Esta intensa actividade docente e investigadora supón unha esixencia constante para as infraestruturas e os recursos materiais do Centro.

Entre os recursos de docencia e investigación máis salientables da FXH, convén sinalar a Biblioteca. Ten unha infraestrutura de 355 postos de lectura (sala de lectura: 300; sala de investigadores (Bib. Lago): 8; sala de acceso directo e traballo en grupo (Claustro): 40; depósito (acceso restrinxido): 7) e atópase nutrida por 113.000 monografías, 4.768 monografías audiovisuais e material non librario, 3.187 títulos de revista, e 27.264 (aproximado) de total de número de exemplares de revistas. A Biblioteca está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios da FXH como ao resto da comunidade universitaria.

A FXH ocupa un edificio histórico que, malia as súas características patrimoniais, cumpre coas condicións necesarias para o desenvolvemento da docencia dos títulos impartidos. Non obstante, esta condición de inmovible histórico limita as actuacións de mellora, polo que actualmente está en desenvolvemento un Plan Director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio dispón de dúas entradas, unha delas a nivel de rúa, o que facilita a accesibilidade. Conta tamén cun ascensor que conecta as plantas principais, garantindo a mobilidade para persoas con diversidade funcional. Dispón de 18 aulas e 8 seminarios dotados de sistemas de videoconferencia multi-punto, ordenador e canóns de proxección múltiple, proxección dixital e conexión a internet Ethernet e Wi-Fi. Así mesmo, cóntase cun laboratorio, un aula de cartografía, dúas aulas de informática, un laboratorio técnico de prehistoria, e un aula do Mestrado en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual, sala de xuntas e o Paraninfo. A capacidade das aulas suma un aforo de 1.126 postos, cun aula máxima de 180 postos e mínima de 20 postos (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/equipamentos>).

Desde o curso 2019-2020 realizouse un esforzo notable de renovación dos equipamentos tecnolóxicos do centro, co obxectivo de adaptar o seu funcionamento ás necesidades derivadas da situación pandémica. Este proceso de actualización continuou nos cursos 2020-2021, 2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024. Aínda que algunhas melloras estaban previstas con anterioridade, a situación acelerou e ampliou o abano de renovacións necesarias. De acordo co procedemento PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos, a incorporación de novos equipamentos específicos continuará a integrarse como unha das accións de mellora recollidas nesta memoria.

En canto á orientación, as actividades principais que se realizan e que forman parte do Plan de Acción Tutorial

2024-2025 do Centro son as seguintes:

Acción	Destinatarios	Responsables	Data
Acto de benvida	Alumnado de 1º curso	- Equipo decanal - Directora da biblioteca - Coordinadores dos graos	9 de setembro Grao en Historia: 9 a 9:30 h. no paraninfo Grao en Xeografía e Hª Arte: 15 a 15:30 h. no paraninfo
Sesión informativa	Alumnado de 1º curso	- Coordinador de 1º - Alumnado titor	9 de setembro Grao en Historia: 9:30 a 10 h. na Aula 8 Grao en Xeografía: 15:30 a 16 h. na Aula 7 Grao en Hª Arte: 15:30 a 16 h. na Aula 13
Sesión informativa	Alumnado de 2º curso	Coordinador de 2º	9 de setembro Grao en Historia: 15 a 16 h. na Aula 8 Grao en Xeografía: 9 a 10 h. na Aula 7 Grao en Hª Arte: 9 a 10 h. na Aula 10
Sesión informativa	Alumnado de 3º curso	Coordinador de 3º	9 de setembro Grao en Historia: 9 a 10 h. na Aula 12 Grao en Xeografía: 15 a 16 h. na Aula 6 Grao en Hª Arte: 15 a 16 h. na Aula 12
Sesión informativa	Alumnado de 4º	Coordinador de 4º	9 de setembro

	curso		Grao en Historia: 15 a 16 h. na Aula 10 Grao en Xeografía: 9 a 10 h. na Aula 14 Grao en Hª Arte: 9 a 10 h. na Aula 13
Welcome Day	Alumnado de mobilidade	Equipo decanal	Mes de outubro
Asignación do TFG	Alumnado matriculado na materia	- Vicedecano/a de Asuntos Académicos - Secretario/a da Facultade	Mes de outubro. Data fixada no Calendario de TFG
Sesión informativa sobre o programa de mobilidade Erasmus	Alumnado de 2º e 3º curso interesado en participar no programa	- Responsable de mobilidade do centro - Xestor/a de centro	Mes de decembro. Data segundo convocatoria
Sesión informativa sobre os mestrados da facultade	Alumnado de 4º curso	Coordinadores dos mestrados	Mes de decembro
Sesión informativa sobre o programa de mobilidade Sicúe	Alumnado de 2º e 3º curso interesado en participar no programa	- Responsable de mobilidade do centro - Xestor/a de centro	Mes de febreiro. Data segundo convocatoria
Sesión formativa do Programa de titores	Alumnado de 2º e 3º curso matriculado no programa	Responsable do programa A Ponte	Mes de maio. Data segundo convocatoria do programa
Xornada de orientación laboral	Alumnado de 4º curso	Decano	Mes de maio / xuño
Sesión informativa sobre o TFG	Alumnado de 3º curso	Vicedecano/a de Asuntos Académicos	Mes de xullo. Data fixada no Calendario de TFG
Sesión informativa sobre as PAE	Alumnado de 3º curso	Presidente/a da Comisión de PAE	Mes de xullo. Data fixada no Calendario de PAE

Reunión decanal- representantes alumnado	equipo do	Delegados/as representantes en Xunta	Equipo decanal	Reunión mensual a partir da elección de delegados representantes
Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC		Alumnado: 1. Cun máximo de 18 créditos ou 3 materias pendentes para rematar o grao. 2. Con, cando menos, 2 convocatorias esgotadas en cada unha das materias para as que solicite o apoio. Máis información: https://www.usc.gal/es/servizos/oiu/modules/news2/news_0223.html		

Mestrado Universitario en Historia Contemporánea

Mantéñense os mecanismos xa establecidos: sesión presencial de acollida ao inicio do curso académico, envío por correo electrónico dunha Guía do Máster actualizada para estudantes e docentes, dispoñibilidade dunha Aula de coordinación no Campus Virtual da USC (dende 2020/21), e dun grupo de Microsoft Teams para seguimento. No curso 2023/24, continúaase con estas dinámicas, reforzando a coordinación horizontal e vertical e a transparencia da información dispoñible na web oficial do título. O informe destaca que as guías docentes son accesibles e están actualizadas, e que a información do TFM e PAE está recollida detalladamente na Aula Virtual.

Mestrado Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte

No curso 2023/24 mantense a práctica da sesión xeral de presentación e acollida do máster dirixida a estudantes e docentes, elemento central da coordinación horizontal. As materias reservan a primeira sesión para presentar obxectivos, contidos e sistemas de avaliación, mantendo así unha estrutura de coordinación clara e consolidada. A coordinación interuniversitaria continúa a través da Comisión Académica Conxunta, que se reúne periodicamente e mantén a coherencia entre USC e ULPGC. O informe destaca a estabilidade do deseño formativo e a continuidade das boas prácticas de coordinación.

Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Durante o curso 2023/24 reforzáronse as accións de promoción: mantívose a mellora da web oficial e a actividade nas redes sociais, incluíndo Facebook, e considerouse a incorporación de Twitter e Instagram. Continúaase a liña do curso anterior coa promoción audiovisual a través de vídeos gravados dende o decanato e a colaboración coa Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional. Estes esforzos encamiñanse a mellorar a visibilidade da titulación entre potenciais estudantes, especialmente no eido nacional e latinoamericano.

